

### ANEXO III

#### Momento do devengo da indemnización

Os avogados e procuradores devengarán a indemnización correspondente á súa actuación na quenda de oficio, conforme as seguintes porcentaxes:

1. Un 70 por 100.

a) En procesos civís, incluídos os de familia, no momento da presentación da copia da providencia de admisión de demanda ou tendo por formulada a contestación desta.

b) En apelacións civís, no momento da presentación da copia de providencia admitindo a trámite o recurso ou, se é o caso, a comparecencia na alzada.

c) En procedementos penais, no momento da presentación da copia da dilixencia ou solicitude de actuación procesual na que interveña o letrado ou procurador, ou da apertura do xuízo oral.

d) En apelacións penais, no momento da presentación da copia da resolución xudicial tendo por formalizado ou impugnado o recurso ou do sinalamento para a vista.

e) Nos demais procedementos, no momento da presentación da copia da dilixencia xudicial acreditativa da intervención do letrado, ou procurador dos tribunais.

f) Nos recursos de casación formalizados, no momento da presentación da copia da providencia pola que se teña por formalizado o recurso.

g) Nos recursos de casación non formalizados, no momento da presentación da copia do informe dirixido ó colexio, fundamentando a inviabilidade do recurso.

2. O restante 30 por 100 dos asuntos procedentes, no momento da presentación da copia da sentenza ou resolución que poña fin á instancia.

3. Nas transaccións extraxudiciais e informe de insustentabilidade da pretensión, devengarase a totalidade da indemnización correspondente á presentación de documento subscrito polo interesado ou do informe de insustentabilidade.

4. Nas saídas a centros de prisión, devengarase a totalidade da indemnización no momento da presentación de certificación expedida polo centro penitenciario, acreditativa da actuación realizada.

5. Na vía administrativa previa (estranxeiría e asilo), devengarase a totalidade da indemnización no momento da presentación da copia da resolución ou acto administrativo que supoña a finalización do procedemento.

**15800** *REAL DECRETO 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado. («BOE» 188, do 7-8-2003.)*

A Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, promulgouse co obxectivo, expresamente enunciado na súa exposición de motivos, de lle dar unha eficaz resposta á necesidade de prestar unha asistencia xurídica acorde cos postulados dunha Administración moderna, austera, eficaz e tributaria dun sometemento pleno á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico. Para iso, a citada lei contén unhas mínimas normas organizativas do Servizo Xurídico do Estado, como instrumento chamado a prestar esa asistencia xurídica, unha regulación moderna e plenamente adaptada á Constitución das especia-

lidades procesuais do Estado e unha unificación e clarificación da normativa existente, remitíndose o lexislador a un ulterior desenvolvemento regulamentario que necesariamente se debe producir para que a lei alcance toda a súa virtualidade e eficacia.

Este real decreto dítase en cumprimento deste mandato, dirixido ó Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 52/1997, e aborda o seu desenvolvemento e execución en canto se refire ó Servizo Xurídico do Estado.

A outras normas regulamentarias queda reservada a tarefa de desenvolver outros aspectos da lei, como é o caso do relativo á asistencia xurídica das entidades xestoras e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que non constitúe a materia que a este real decreto ocupa, segundo as previsións da disposición adicional terceira da Lei 52/1997, e da que o propio regulamento foi aprobado polo Real decreto 947/2001, do 3 de agosto.

## II

O obxectivo perseguido na elaboración deste regulamento foi o de desenvolver-la lei modernizando e sistematizando as normas preexistentes, adecuando o seu contido ás normas xerais vixentes en materia de función pública, organización e procedemento administrativos e abordando a regulación de todos aqueles aspectos do Servizo Xurídico do Estado necesarios para a plena eficacia da lei, evitando sempre unha repetición superflua dos preceptos xa contidos nela.

Sobre estas premisas, o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado artículase arredor de tres principios básicos.

En primeiro lugar, reafirmase o principio de unidade de doutrina como eixe conceptual da avogacía do Estado, que permanece vixente desde a súa fundación e que lle permite actuar como unha organización eficaz e cohesionada. Para tal fin, o regulamento recolle a fórmula de reunificación orgánica do Servizo Xurídico do Estado que consagra o Real decreto 1474/2000, do 4 de agosto, de estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza.

En segundo lugar, prevese unha reorganización interna das avogacías do Estado que lles permita cubrir satisfactoriamente o volume de traballo que lles afecta, cunha estrutura adecuada, capaz de afrontar selectivamente as tarefas que se van realizar. Para iso prevese non só a creación de unidades horizontais de apoio, tales como as de informática, documentación xurídica e outras, encargadas de funcións técnicas que, aínda que non estean reservadas ós avogados do Estado, resultan indispensables para o adecuado funcionamento do Servizo; tamén se parte dun principio de proporcionalidade entre o esforzo e a entidade dos asuntos, de maneira que outros licenciados en dereito, funcionarios ou non, poidan cooperar cos avogados do Estado no desenvolvemento de determinadas actuacións de apoio xurídico.

Finalmente, considérase imprescindible que o proceso modernizador adquira un profundo alcance cualitativo, polo que se constitúe o Servizo Xurídico do Estado na asesoría xurídica integral do sector público estatal e se posibilita, nunha posición de vertebración nacional, a asistencia xurídica ás comunidades autónomas e ás corporacións locais mediante a subscrición dos oportunos convenios.

## III

A regulación que se establece ofrece unha vocación claramente unificadora. Por iso, recolle practicamente tódalas normas específicas e dispersas que, con rango de real decreto, disciplinaban a actuación dos avogados do Estado. Así, derróganse o Decreto do 27 de xullo de 1943, polo que se aprobou o Regulamento orgánico da Dirección Xeral do Contencioso do Estado e do corpo de avogados do Estado; o Real decreto 1425/1980, do 11 de xuño, polo que se crea a Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional; os reais decretos 849/1985 e 850/1985, ambos do 5 de xuño, de desenvolvemento do punto 1.4 da disposición adicional nove na da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e de organización dos servizos xurídicos do Estado; o Real decreto 2604/1985, do 4 de decembro, de representación de España ante a Comisión e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, e o Real decreto 685/1993, do 7 de maio, de asistencia xurídica a Portos do Estado e autoridades portuarias, así como o Real decreto 1654/1980, do 11 de xullo, do Servizo do Contencioso do Estado no Estranxeiro.

## IV

O regulamento estrutúrase en cinco títulos, que levan por rúbricas sucesivas «O Servizo Xurídico do Estado: organización e funcións», «Réxime da función consultiva», «Réxime da función contenciosa», «A Inspección dos Servizos da Avogacía Xeral do Estado» e «Disposicións relativas ó corpo de avogados do Estado».

O título I, titulado «O Servizo Xurídico do Estado: organización e funcións», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I configura o Servizo Xurídico do Estado como un complexo orgánico que ten encomendado o desenvolvemento da función de asistencia xurídica, consistente no asesoramento e na representación e defensa en xuízo do Estado e outras institucións públicas. Este complexo orgánico artículase arredor dun centro directivo con rango de subsecretaría, a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, do que dependen orgánica e funcionalmente non só as distintas avogacías do Estado, senón tamén tódolos postos de traballo que, sen constituíren propiamente órganos administrativos, estean reservados ós avogados do Estado.

Créase o Consello de Avogados do Estado como órgano consultivo cunha dobre función: dunha parte, emitirá informe con carácter non vinculante, cando o avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado así llo solicite, nas máis transcendentales cuestións de réxime interior; doutra, asistirá o avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, que poderá facultativamente someter á súa consideración os asuntos de maior relevancia ou que impliquen modificación nos criterios xerais de actuación das avogacías e dos avogados do Estado.

O capítulo II, rubricado «O avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado», ocúpase do seu rango, nomeamento e cesamento, dos requisitos para acceder ó cargo e do réxime de suplencia, e facúltao para asumir persoalmente calquera actuación do Servizo Xurídico do Estado.

O capítulo III, que regula a «asistencia xurídica ós restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, comunidades autónomas e corporacións locais», aborda a asistencia xurídica mediante convenio, tanto respecto de persoas xurídicas públicas e privadas que se integran no sector público estatal, como con relación a outras administracións territoriais, en desenvolvemento do disposto no artigo 1.3 e 4 da Lei de asistencia xurídica

ó Estado e institucións públicas e na disposición adicional quinta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O capítulo IV, relativo ó «persoal de apoio», pretende salienta-la importancia da estrutura administrativa das avogacías do Estado, en canto debe permitir unha optimización do rendemento daquelas unidades, estrutura que debe ser desenvolvida na nova relación de postos de traballo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

## V

O título II aborda o «réxime da función consultiva», tanto a cargo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado —con carácter de centro superior consultivo, a salvo o Consello de Estado— como das avogacías do Estado nos departamentos ministeriais (excepto o Ministerio de Defensa) e na Administración periférica, e regula os órganos que poden solicita-lo informe, o carácter, a forma e o contido dos informes, así como o momento da súa solicitude, e resolve os posibles casos de informes discrepantes, ademais do réxime de consultas das avogacías do Estado ó centro directivo.

## VI

O título III, no que se establece o «réxime da función contenciosa», queda estruturado en catro capítulos.

O capítulo I contén as «disposicións xerais» na materia, comezando polo ámbito da representación e defensa en xuízo, na que se inclúen non só o Estado e os seus organismos autónomos, senón tamén as restantes persoas xurídicas públicas ou privadas integrantes do sector público estatal. Tamén se inclúe a posibilidade de lles prestar estes servizos ás comunidades autónomas e ás corporacións locais, mediante convenio. Dados os seus resultados extraordinariamente positivos, mantense a atribución en exclusiva ó Servizo Xurídico do Estado da representación e defensa do Reino de España ante os tribunais, órganos e organismos internacionais en calquera procedemento xurisdiccional, arbitral ou paraxudicial.

O capítulo II, rubricado «Normas especiais sobre actuación procesual dos avogados do Estado», recolle as diversas especialidades procesuais aplicables á Administración, establece a necesidade de contar coa decisión previa da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado para o exercicio de accións ou a disposición da acción procesual, así como disciplina as consultas en preitos civís, a actuación en materia de taxación de custas e execución de sentencias, e regula as especialidades derivadas do seguimento de procesos ante tribunais estranxeiros.

O capítulo III dedícase a regular o réxime de representación e defensa de autoridades, funcionarios e empregados públicos. Pártese do principio, xa tradicional, de que os servidores públicos aludidos poderán ser defendidos en xuízo polo Servizo Xurídico do Estado sempre que non opten por outra asistencia letrada, as actuacións obedezan a feitos ou actos en desempeño lexítimo dos seus cargos ou cumprindo orde de autoridade competente, non exista conflito de intereses cos do Estado, organismo ou entidade correspondente e así o autorice a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Polo contrario, o exercicio de accións en nome daqueles servidores públicos débese considerar unha posibilidade excepcional, e esixe expresa autorización do ministro de Xustiza, por proposta razoada do titular do departamento ou presidente ou director xeral do organismo ou entidade pública de quen dependa a persoa en nome de quen se deberán exer-

ce-las accións, e logo de informe do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado. Aquí tamén se prevén as especialidades xeradas no suposto de que a acción se siga ante un tribunal estranxeiro.

O capítulo IV, baixo a rúbrica «Actuación procesual da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional», disciplina as funcións contenciosas —con exclusión das consultivas— desta Avogacía do Estado, que se pasa a integrar como Subdirección Xeral na Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado. Nel recóllense, en termos practicamente literais, as previsións normativas do Real decreto 1425/1980, do 11 de xullo, polo que se crea a Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.

## VII

O título IV leva por título «A Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado». O seu tratamento sistemático pon de manifesto a importancia que se lle atribúe ó correcto funcionamento do Servicio Xurídico do Estado. Así, tódolos seus órganos e unidades administrativas e os postos de traballo reservados ós avogados do Estado quedan suxeitos a un control permanente de calidade, eficiencia e eficacia, que se lle encomenda á Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

Esta función xenérica desdóbrase na inspección de funcionamento interno e na inspección técnico-xurídica; esta última ten por obxecto asegurar a efectividade do principio de unidade de doutrina, tanto nas funcións consultivas como nas contenciosas.

As funcións de inspección serán desempeñadas, baixo a xefatura do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado pola Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza, á que o regulamento lle atribúe, ademais daquelas funcións, e sen perde-lo seu carácter de servizo común propio de toda avogacía do Estado de ministerio, as tarefas de apoio e asesoramento ó avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, así como a dirección e coordinación da asistencia xurídica en virtude de convenio e a particular coordinación das funcións dos avogados do Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos.

## VIII

O título V contén, finalmente, as «disposicións relativas ó corpo de avogados do Estado», que regulan aspectos específicos deste colectivo funcional tradicionalmente recollidos nas normas regulamentarias que agora se derrogan, e a vixencia das cales se mantivo, non obstante, polas normas xerais reguladoras da función pública estatal, aplicables no previsto por aquelas normas específicas.

Estas últimas recollen a adscrición do corpo de avogados do Estado ó Ministerio de Xustiza, o réxime de provisión dos postos de traballo adscritos exclusivamente a funcionarios deste corpo por razón das funcións que se lles asignan, a habilitación de letrados para actuacións determinadas en substitución dos avogados do Estado ou a designación especial de avogados, as funcións inherentes á xefatura das avogacías do Estado, o réxime de suplencias, o expediente persoal e o uso de uniforme e insignias.

Un capítulo dedicado ó ingreso por oposición como único método de acceso ó corpo de avogados do Estado cerra o título.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2003,

## DISPÕÑO :

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Servicio Xurídico do Estado.*

Apróbase o Regulamento do Servicio Xurídico do Estado, o texto do cal se insire a seguir deste real decreto.

Disposición adicional única. *Sucesión de órganos e unidades administrativas.*

As referencias feitas nas disposicións vixentes ós servizos xurídicos do Estado e ás asesorías xurídicas dos departamentos ministeriais entenderanse en favor das avogacías do Estado respectivas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados:

a) O Decreto do 27 de xullo de 1943, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Dirección Xeral do Contencioso do Estado e do corpo de avogados do Estado.

b) O Real decreto 849/1985, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o punto 1.4 da disposición adicional novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, polo que se crea o corpo superior de letrados do Estado.

c) O Real decreto 850/1985, do 5 de xuño, de organización dos servizos xurídicos do Estado.

d) O Real decreto 2604/85, do 4 de decembro, de representación de España ante a Comisión e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

e) O Real decreto 1425/1980, do 11 de xullo, polo que se crea a Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.

f) O Real decreto 1414/1994, do 25 de xuño, sobre asistencia xurídica ás entidades estatais de dereito público.

g) O Real decreto 1654/1980, do 11 de xullo, regulador do Servicio do Contencioso no Estranxeiro.

h) O artigo 8.5 a) do Real decreto 1474/2000, do 4 de agosto.

i) O Real decreto 685/1993, do 7 de maio, de asistencia xurídica a Portos do Estado e autoridades portuarias.

j) Cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

2. Trala entrada en vigor deste real decreto, manterán a súa vixencia as seguintes disposicións:

a) As reais ordes do 5 e 21 de febreiro de 1906, polas que se autoriza o uso de insignias ós avogados do Estado.

b) A Real orde do 14 de marzo de 1929 pola que se autoriza o uso de uniforme ós avogados do Estado.

c) A Orde do Ministerio de Facenda do 30 de decembro de 1981, pola que se adaptan as insignias do corpo de avogados do Estado ó modelo oficial do escudo de España, aprobado polo Real decreto 2964/1981, do 18 de decembro.

Dado en Palma de Mallorca, o 25 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## REGULAMENTO DO SERVICIO XURÍDICO DO ESTADO

### ÍNDICE

#### TÍTULO I

#### O Servicio Xurídico do Estado: organización e funcións

##### CAPÍTULO I

##### O Servicio Xurídico do Estado

Artigo 1. *Concepto, organización e funcións do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 2. *Carácter e adscrición da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 3. *Organización da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 4. *O Consello de Avogados do Estado.*

Artigo 5. *Avogacías do Estado ante o Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e Tribunal de Contas.*

Artigo 6. *Avogacía do Estado ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais competentes en materia de salvagarda dos dereitos humanos.*

Artigo 7. *Avogacías do Estado dos departamentos ministeriais.*

Artigo 8. *Avogacías do Estado na Administración periférica do Estado.*

Artigo 9. *Avogados do Estado adscritos á Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Artigo 10. *Contraposición de intereses.*

##### CAPÍTULO II

#### O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado

Artigo 11. *Carácter e nomeamento e cesamento do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 12. *Asunción de asuntos polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 13. *Suplencia.*

#### CAPÍTULO III

**Asistencia xurídica ós restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, comunidades autónomas e corporacións locais**

Artigo 14. *Asistencia xurídica ós restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal.*

Artigo 15. *Asistencia xurídica ás comunidades autónomas.*

Artigo 16. *Asistencia xurídica ás corporacións locais.*

Artigo 17. *Asistencia xurídica á Administración portuaria.*

Artigo 18. *Natureza dos convenios e actuación do avogado do Estado.*

#### CAPÍTULO IV

#### Persoal de apoio

Artigo 19. *Persoal de apoio.*

#### TÍTULO II

#### Réxime da función consultiva

Artigo 20. *Carácter da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado como centro consultivo.*

Artigo 21. *Órganos que poden solicitar informe.*

Artigo 22. *Carácter dos informes.*

Artigo 23. *Forma dos informes.*

Artigo 24. *Contido dos informes.*

Artigo 25. *Momento de solicitude de determinados informes.*

Artigo 26. *Informes discrepantes.*

Artigo 27. *Consultas das avogacías do Estado á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

Artigo 28. *Comunicación e coordinación con actuacións contenciosas.*

Artigo 29. *Competencia e recursos en materia de verificación de suficiencia.*

Artigo 30. *Funcións dos avogados do Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos.*

## TÍTULO III

**Réxime da función contenciosa**

## CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 31. *Ámbito da representación e defensa.*

Artigo 32. *Dependencia da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e actuación en xuízo.*

Artigo 33. *Petición de datos e antecedentes.*

Artigo 34. *Obrigas xerais dos avogados do Estado no desempeño da función contenciosa.*

## CAPÍTULO II

**Normas especiais sobre actuación procesual dos avogados do Estado**

Artigo 35. *Notificacións, citacións, emprazamentos e demais actos de comunicación procesual.*

Artigo 36. *Exercicio de accións.*

Artigo 37. *Foro territorial do Estado.*

Artigo 38. *Exención de depósitos e caucións.*

Artigo 39. *Consulta á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado en procesos civís.*

Artigo 40. *Reclamación en vía administrativa.*

Artigo 41. *Disposición da acción procesual.*

Artigo 42. *Recursos contra resolucións xudiciais.*

Artigo 43. *Execución de sentencias.*

Artigo 44. *Custas procesuais.*

Artigo 45. *Actuación ante tribunais internacionais.*

## CAPÍTULO III

**Representación e defensa de autoridades, funcionarios e empregados públicos**

Artigo 46. *Regras xerais.*

Artigo 47. *Réxime da representación e defensa dos empregados públicos.*

Artigo 48. *Supostos especiais.*

Artigo 49. *Exercicio de accións polo avogado do Estado en nome de autoridades, funcionarios ou empregados públicos.*

## CAPÍTULO IV

**Actuación procesual da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional**

Artigo 50. *Funcións contenciosas e encadramento orgánico da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.*

Artigo 51. *Comunicación da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional cos órganos executivos do Estado.*

Artigo 52. *Actuacións en casos especiais ante o Tribunal Constitucional.*

Artigo 53. *Exercicio de accións ante o Tribunal Constitucional.*

Artigo 54. *Formulación de demanda no recurso de inconstitucionalidade.*

Artigo 55. *Emprazamento e constitución en parte da Avogacía do Estado perante o Tribunal Constitucional.*

Artigo 56. *Actuación do avogado do Estado no recurso de amparo.*

Artigo 57. *Actuación do avogado do Estado nos conflitos de competencia.*

Artigo 58. *Actuación do avogado do Estado nos procedementos de declaración sobre a constitucionalidade dos tratados internacionais.*

Artigo 59. *Outras disposicións sobre a actuación procesual do avogado do Estado.*

Artigo 60. *Comunicación co avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.*

## TÍTULO IV

**A Inspección dos Servizos da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado**

Artigo 61. *Ámbito, funcións e xefatura da Inspección dos Servizos da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.*

Artigo 62. *Desempeño da inspección dos servizos.*

Artigo 63. *Organización das inspeccións dos servizos.*

Artigo 64. *Deber de colaboración.*

Artigo 65. *Obrigas do persoal da Inspección dos Servizos.*

## TÍTULO V

**Disposicións relativas ó corpo de avogados do Estado**

## CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 66. *Adscrición do corpo de avogados do Estado ó Ministerio de Xustiza.*

Artigo 67. *Provisión de postos de traballo.*

Artigo 68. *Letrados habilitados.*

Artigo 69. *Designación de avogados para supostos especiais.*

Artigo 70. *Designación especial.*

Artigo 71. *Xefatura das avogacías do Estado.*

Artigo 72. *Suplencia.*

Artigo 73. *Expediente persoal.*

Artigo 74. *Uniforme e insignias.*

## CAPÍTULO II

**Ingreso no corpo de avogados do Estado**

Artigo 75. *Oposición para o ingreso no corpo de avogados do Estado.*

Artigo 76. *Composición e funcionamento do tribunal.*

## TÍTULO I

**O Servicio Xurídico do Estado: organización e funcións**

## CAPÍTULO I

**O Servicio Xurídico do Estado**

Artigo 1. *Concepto, organización e funcións do Servicio Xurídico do Estado.*

1. Constitúe o Servicio Xurídico do Estado o conxunto de órganos administrativos que desenvolven a función de asistencia xurídica, consistente no asesoramento e a representación e defensa en xuízo, do Estado, dos seus organismos autónomos, dos órganos constitucionais e, se é o caso, dos restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, así como das comunidades autónomas e das corporacións locais, nos termos contidos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, neste regulamento e na súa normativa complementaria.

2. A organización do Servicio Xurídico do Estado está constituída pola Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, polas distintas avogacías do Estado e polos restantes postos de traballo dos que o desempeño está reservado ós avogados do Estado na correspondente relación de postos de traballo, dependentes unhas e outros daquela.

3. En particular, correspóndenlle ó Servicio Xurídico do Estado as seguintes funcións:

a) O asesoramento xurídico á Administración xeral do Estado e ós seus organismos autónomos, sen prexuízo dos réximes especiais que se prevén no artigo 1 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, así como, cando proceda normativa ou convencionalmente, o dos demais organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal.

O asesoramento xurídico no ámbito do Ministerio de Defensa e dos organismos autónomos adscritos a este responderalles ós membros do corpo xurídico militar, conforme o establecido na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e demais disposicións legais de aplicación.

b) O asesoramento, cando o solicite o Goberno ou calquera dos seus membros, sobre a constitucionalidade dos anteprojectos e proxectos de disposicións de calquera rango que se teñan que someter á aprobación daquel.

c) O exame e emisión de informe en dereito, por pedimento do Goberno ou de calquera dos seus membros, sobre as disposicións ou resolucións das comunidades autónomas que sexan susceptibles de impugnación ante o Tribunal Constitucional.

d) A emisión de informe sobre os expedientes que se incoen para declarar lesivos ós intereses públicos os actos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos ou dos demais organismos e entidades públicos ós que asista xuridicamente o mencionado órgano directivo, para efectos da interposición, se é o caso, do correspondente recurso contencioso-administrativo.

e) A representación e defensa en xuízo, ante calquera xurisdicción e orde xurisdiccional, do Estado e dos seus organismos autónomos, así como, cando así corresponda normativa ou convencionalmente, dos restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, e dos órganos constitucionais nos termos previstos na lexislación vixente, así como nos conflitos de xurisdicción e cuestións de competencia e nos procedementos prexudiciais e paraxudiciais en que estea interesado o Estado, organismos públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións e demais órganos mencionados. Correspóndelle igualmente a emisión de informe sobre as reclamacións previas á vía xudicial civil e laboral, nos casos en que se lle solicite o dictame, así como sobre os expedientes para o pagamento de custas a que fose condenado o Estado cando se suscite controversia.

f) O asesoramento, así como a representación e defensa en xuízo, das comunidades autónomas e das corporacións locais, cando se celebre convenio de asistencia xurídica con ese obxecto.

g) O mantemento do principio de unidade de doutrina, formulando criterios xerais de asistencia xurídica para as avogacías do Estado e os avogados do Estado.

h) A emisión de informe en dereito sobre os anteprojectos e proxectos de disposicións cando sexan sometidos á súa consulta, ou cando afecten ou poidan afecta-lo Servicio Xurídico do Estado, a súa organización, funcionamento e réxime de actuacións, a elaboración dos anteprojectos normativos que lle sexan encargados ou que promova, así como a asistencia ós correspondentes órganos superiores ou directivos do departamento, cando así o requiran, para a preparación da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios.

i) A promoción de traballos de investigación e a organización de actividades que teñan por finalidade o coñecemento e a difusión de materias e cuestións xurídicas de ámbito nacional ou internacional, así como a organización de actividades de formación e perfeccio-

namento do persoal do Servicio Xurídico do Estado, en coordinación co Instituto Nacional de Administración Pública e outros centros de formación de funcionarios.

j) A asistencia xurídica en materia de dereito comunitario europeo, así como a representación e defensa do Reino de España ante os órganos xurisdiccionais da Unión Europea.

k) Canto se relacione coa representación e defensa do Estado, organismos autónomos, restantes organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal, cando así corresponda legal ou convencionalmente, e órganos constitucionais ante calquera xurisdicción ou procedemento prexudicial ou paraxudicial no estranxeiro.

l) A dirección e coordinación do servizo do contencioso no estranxeiro.

m) A representación e defensa xurídica do Reino de España ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, correspondéndolle o estudo e a preparación de informes, observacións e memorias que se teñan que presentar ante aquel, de conformidade co Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e os seus protocolos. Correspóndelle tamén as mesmas funcións ante calquera órgano internacional competente en materia de salvagarda dos dereitos humanos, de conformidade co establecido nos tratados internacionais vixentes en España.

n) A asistencia xurídica do Reino de España noutros organismos internacionais.

ñ) A xestión dos servizos de rexistro, arquivo e estatística; a xestión económica, financeira e orzamentaria do Servicio Xurídico do Estado, así como a administración e xestión do corpo de avogados do Estado, a publicación periódica do escalafón do devandito corpo e calquera outra función dentro do ámbito económico-financeiro e de persoal que non estean atribuídas a outros órganos superiores polo ordenamento xurídico.

o) A proposta de resolución dos distintos procedementos para a provisión de postos de traballo adscritos ó Servicio Xurídico do Estado e reservados en exclusiva ó corpo de avogados do Estado.

p) A inspección dos servizos dependentes da Avogacía Xeral do Estado-Dirección Xeral do Servicio Xurídico do Estado e, se é o caso, o exercicio da potestade disciplinaria.

q) O exercicio das restantes funcións que lle atribúa o ordenamento xurídico.

## Artigo 2. *Carácter e adscrición da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

1. A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado asume a dirección do Servicio Xurídico do Estado, é o centro superior directivo do Servicio Xurídico do Estado e, en tal concepto, correspóndelle a dirección, coordinación e inspección dos servizos encomendados ás avogacías do Estado e ós avogados do Estado, asegurando en todo caso o mantemento do principio de unidade de doutrina no exercicio por aqueles das funcións que lles están atribuídas.

2. A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado está integrada, con nivel orgánico de subsecretaría, no Ministerio de Xustiza.

## Artigo 3. *Organización da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

1. A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, baixo a superior dirección do seu titular, organízase nas seguintes subdireccións xerais:

a) Subdirección Xeral dos Servizos Consultivos, que ten encomendadas as funcións que lle corresponden ó

centro directivo respecto do asesoramento xurídico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, así como, se é o caso, dos restantes organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, comunidades autónomas e corporacións locais. En especial, correspóndelle propor ó avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado a aprobación dos informes sobre expedientes de lesividade aludidos no artigo 1.3.d). Igualmente compételle velar pola efectividade do principio de unidade de doutrina no ámbito consultivo, mediante a formulación de criterios xerais de asesoramento xurídico para as avogacías e os avogados do Estado.

b) Subdirección Xeral dos Servizos Contenciosos, á que lle corresponde o exercicio das funcións atribuídas ó centro directivo no relativo á representación e defensa do Estado e dos seus organismos autónomos, así como dos demais organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, comunidades autónomas e corporacións locais, se é o caso, e dos órganos constitucionais, ante calquera xurisdicción e órgano xurisdiccional, ós conflitos de xurisdicción e conflitos e cuestións de competencia e ós procedementos prexudiciais e paraxudiciais en que estea interesado o Estado, organismos, entidades, sociedades e fundacións e demais entidades e órganos mencionados. Correspóndelle igualmente emitir informe sobre as reclamacións previas á vía xudicial civil e laboral, nos casos en que se solicite o dictame do centro directivo, sobre os expedientes para o pagamento de custas a que fose condenado o Estado cando se suscite controversia. Igualmente, compételle velar pola efectividade do principio de unidade de doutrina no ámbito das funcións contenciosas, formulando criterios xerais de actuación en xuízo para as avogacías e os avogados do Estado.

c) Gabinete de Estudos, que ten ó seu cargo emitir informe en dereito sobre os anteproxectos e proxectos de disposicións que se sometan a consulta da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, ou cando afecten ou poidan afectalo Servicio Xurídico do Estado, a súa organización, funcionamento e réxime de actuacións, a elaboración dos anteproxectos normativos que lle encarguen ou que promova a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, os informes, dictames ou estudos que pola súa índole especial así se considere conveniente, así como a asistencia ós correspondentes órganos superiores e directivos do departamento, cando así o requiran, para a preparación da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios. Igualmente, correspóndelle ó Gabinete de Estudos a promoción de traballos de investigación e a organización de actividades que teñan por finalidade o coñecemento e a difusión de materias e cuestións xurídicas de ámbito nacional ou internacional, así como a organización de actividades de formación e perfeccionamento dos funcionarios do corpo de avogados do Estado, en coordinación co Instituto Nacional da Administración Pública e outros centros de formación de funcionarios.

d) Subdirección Xeral de Asistencia Xurídica Comunitaria e Internacional, que asume a Avogacía do Estado ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e da que dependerá calquera Avogacía do Estado que se cree para a asistencia xurídica do Reino de España en organismos internacionais. Correspóndelle a asistencia xurídica en materia de dereito comunitario europeo, así como a dirección xurídica e a representación e defensa do Reino de España ante os órganos xurisdiccionais da Unión Europea, canto se relacione coa representación e defensa do Estado, dos organismos autónomos, dos restantes organismos e entidades públicas, das socie-

dades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal cando así corresponda legal ou convencionalmente, e dos órganos constitucionais, ante calquera xurisdicción ou procedemento prexudicial e paraxudicial no estranxeiro, a dirección e coordinación do servizo do contencioso do Estado no estranxeiro e a asistencia xurídica ó Reino de España noutros organismos internacionais.

Os avogados do Estado da Avogacía do Estado ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas serán nomeados axentes do Reino de España para cada asunto polo ministro de Xustiza, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores.

A Aesoría Xurídica Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores colaborará con esta Subdirección Xeral mediante o asesoramento en materia de dereito internacional.

e) Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza, á que lle corresponde, ademais das funcións propias das avogacías do Estado dos departamentos, e sen prexuízo do seu carácter de servizo común conforme o artigo 7 deste regulamento, o apoio e asesoramento especial do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, a dirección e coordinación das relacións cos organismos e entidades públicos ós que o Servizo Xurídico do Estado preste asistencia xurídica en virtude de convenio, a coordinación da actuación dos avogados do Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos, así como as demais funcións de coordinación que aquel lle encomende, e a función de Inspección dos Servizos da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e unidades e avogados do Estado dependentes desta.

f) Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional, á que lle corresponde a representación e defensa en xuízo ante aquel do Estado e dos seus organismos autónomos e, cando así corresponda legal ou convencionalmente, dos restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, e dos órganos constitucionais nos termos legalmente establecidos, así como, se é o caso, das comunidades autónomas e das corporacións locais; do mesmo modo, desenvolverá o asesoramento sobre cuestións procesuais ou de fondo derivadas da presentación ou tramitación de procedementos constitucionais, como no caso da opción entre a formalización directa do conflito de competencia ou a formulación de requirimento previo; así como, en particular, o asesoramento, cando o solicite o Goberno ou calquera dos seus membros, sobre a constitucionalidade dos anteproxectos e proxectos de disposicións de calquera rango que se teñan que someter á súa aprobación, e o exame e emisión de informe en dereito, por pedimento do Goberno ou de calquera dos seus membros, sobre as disposicións ou resolucións das comunidades autónomas que sexan susceptibles de impugnación ante o Tribunal Constitucional.

g) Secretaría Xeral, que ten ó seu cargo as funcións de asistencia ó avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado en materia de xestión dos servizos de rexistro, arquivo e estatística, xestión económica, financeira, orzamentaria e de réxime interior do centro directivo, así como a administración e xestión do persoal incluído na relación de postos de traballo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, a confección anual do escalafón do devandito corpo para a súa posterior inserción no «Boletín Oficial del Estado» e calquera outra funcións dentro do ámbito económico-financeiro e de persoal que non estean atribuídas a outros órganos.

2. Dependerán, así mesmo, da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, orgánica e funcionalmente, as seguintes unidades con nivel

orgánico de subdirección xeral:

- a) Avogacía do Estado ante o Tribunal Supremo.
- b) Avogacía do Estado ante a Audiencia Nacional.
- c) Avogacías do Estado dos departamentos ministeriais.

3. Dependerán, igualmente, da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, orgánica e funcionalmente, as seguintes unidades:

- a) Avogacía do Estado ante o Tribunal de Contas.
- b) Avogacía do Estado ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais competentes en materia de salvagarda dos dereitos humanos.

4. Tamén dependerán da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, orgánica e funcionalmente, as avogacías do Estado na Administración periférica do Estado.

5. Dependerán, así mesmo, orgánica e funcionalmente, da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado as avogacías do Estado que, se é o caso, puidesen existir nos distintos organismos e entidades públicos, así como os postos de traballo reservados en exclusiva ós avogados do Estado en calquera órgano administrativo.

6. Tódolos avogados do Estado integrantes do Servizo Xurídico do Estado ós que se refiren os puntos anteriores deste mesmo artigo, así como os avogados do Estado adscritos ó Servizo Xurídico da Axencia Estatal de Administración tributaria, dependerán orgánica e funcionalmente da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e estarán incluídos na súa relación de postos de traballo.

A adscrición dos avogados do Estado que deban prestar servizo no Servizo Xurídico da Axencia Estatal de Administración Tributaria efectuarase de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 1474/2000, do 4 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza.

#### Artigo 4. *O Consello de Avogados do Estado.*

1. O Consello de Avogados do Estado constitúe un órgano colexiado de apoio ó avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, a organización e o funcionamento do cal se rexerá polos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O Consello de Avogados do Estado estará composto polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, ó que lle corresponderá a súa presidencia, e oito vocais avogados do Estado en situación de servizo activo designados por aquel, dos cales polo menos un deberá estar destinado en servizos contenciosos, outro, en servizos consultivos, e outro, en avogacías do Estado periféricas.

3. Os vocais serán designados por un período de tres anos, e serán susceptibles de renovación.

Os vocais cesarán polas seguintes causas:

- a) Expiración do prazo, salvo nova designación.
- b) Cesación da situación administrativa de servizo activo.
- c) Acordo do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.



4. Son funcións do Consello de Avogados do Estado as seguintes:

a) A emisión de informe non vinculante, se así o solicitase o avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, con carácter previo á adopción das decisións máis relevantes para o funcionamento interno do Servizo Xurídico do Estado.

b) A asistencia e o apoio funcional ó avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, por requirimento deste, en asuntos que considere de particular relevancia ou que comporten novos criterios e directrices de actuación das avogacías e os avogados do Estado.

*Artigo 5. Avogacías do Estado ante o Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e Tribunal de Contas.*

Corresponderalles ás avogacías do Estado ante o Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e Tribunal de Contas o exercicio das funcións descritas no artigo 1.3.e) deste regulamento ante os respectivos tribunais, e de conformidade coas leis procesuais aplicables a cada un deles.

*Artigo 6. Avogacía do Estado ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais competentes en materia de salvagarda dos dereitos humanos.*

1. A Avogacía do Estado ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais competentes en materia de salvagarda dos dereitos humanos ten ó seu cargo as funcións de representación e defensa xurídica do Reino de España ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, e correspóndelle o estudo e preparación de informes, observacións e memorias que se teñan que presentar ante aquel, de conformidade co Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e os seus protocolos. Correspóndenlle tamén as mesmas funcións ante calquera órgano internacional competente en materia de salvagarda dos dereitos humanos, de conformidade co establecido nos tratados internacionais vixentes en España.

2. O avogado do Estado ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais competentes en materia de salvagarda dos dereitos humanos terá o carácter de Axente do Reino de España para os efectos do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, e será nomeado por real decreto por proposta xunta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Xustiza.

3. No exercicio das funcións encomendadas, o avogado do Estado terá as seguintes competencias:

a) Solicitar dos órganos xudiciais, dos departamentos e das autoridades do Estado, das comunidades autónomas e das administracións públicas, en xeral, as informacións de feito así como a colaboración que sexa necesaria para a correcta representación nos asuntos que afecten o Reino de España, ben ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos de dereitos humanos do Consello de Europa, ben ante calquera outro órgano responsable da protección internacional de dereitos humanos.

b) Cando lle sexa solicitado, asesora-la representación do Reino de España ante o Consello de Europa e ante as Nacións Unidas, nos asuntos e procedementos sobre dereitos humanos que lle circiran a aquel.

c) Asesora-las autoridades do Estado en tódalas cuestións de carácter xurídico que afecten o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e os seus protocolos, así como os demais tratados internacionais nesta materia.

*Artigo 7. Avogacías do Estado dos departamentos ministeriais.*

1. En cada ministerio, excepto no de Defensa, existirá unha Avogacía do Estado, que terán o carácter de servizos comúns e, por tanto, estarán baixo as competencias de dirección, organización e funcionamento que respecto destes servizos lles outorga a lexislación ós subsecretarios.

2. Corresponderalles a estas avogacías do Estado o asesoramento xurídico do respectivo ministerio e dos organismos autónomos adscritos a aquel, así como dos demais organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal dependentes ou vinculadas ó departamento, sempre que nestes tres últimos casos se dean as circunstancias previstas no artigo 14 deste regulamento e salvo os supostos en que, conforme a este, se solicite informe da Avogacía Xeral do Estado. En especial, corresponderalles emitir informe sobre a suficiencia dos poderes e demais documentos xustificativos da personalidade ou da representación que teñan que producir efectos ante os órganos centrais do respectivo ministerio ou dos seus organismos autónomos, e tamén dos restantes organismos e entidades públicos dos que a competencia se estenda a todo o territorio nacional en que así se dispoña en virtude de convenio, levando un rexistro para o efecto.

3. Sempre que se dispoña a existencia de avogacías do Estado nos órganos de apoio técnico das autoridades previstas nos artigos 2 e 3.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, aquelas terán idéntico rango e funcións cá indicadas no punto anterior para os departamentos ministeriais.

4. Con carácter previo ó nomeamento dos avogados do Estado-xefes das avogacías do Estado nos departamentos ministeriais, oíranse os ministerios nos que aquelas estean situadas.

*Artigo 8. Avogacías do Estado na Administración periférica do Estado.*

1. En cada unha das provincias, así como nas cidades de Ceuta e Melilla, existirá unha Avogacía do Estado que terá o carácter de servizo non integrado nas delegacións ou subdelegacións do Goberno, de conformidade co disposto no artigo 3.4 da Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.

2. Corresponderalles a estas avogacías do Estado, no seu respectivo ámbito territorial, o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo dos órganos da Administración xeral do Estado, integrados ou non na correspondente delegación ou subdelegación do Goberno, dos organismos autónomos e dos demais organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, sempre que nestes tres últimos casos concorran os requisitos do artigo 14 deste regulamento. En particular, corresponderalles emitir informe sobre a suficiencia dos poderes e demais documentos xustificativos da personalidade ou da representación que teñan que producir efectos ante os respectivos órganos territoriais da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, e tamén ante tódolos órganos dos restantes organismos e entidades públicos a competencia dos cales non se estenda a todo o territorio nacional, ou ante os seus órganos territoriais en caso contrario, cando así se dispoña en virtude de convenio, levando un rexistro para o efecto.

**Artigo 9. *Avogados do Estado adscritos ó Servicio Xurídico da Axencia Estatal de Administración Tributaria.***

Os avogados do Estado adscritos ó Servicio Xurídico da Axencia Estatal de Administración Tributaria rexeranse polo previsto no Real decreto 1474/2000, do 4 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza.

**Artigo 10. *Contraposición de intereses.***

Nos supostos en que, con ocasión do desempeño das funcións consultivas ou contenciosas, se suscitase a existencia de intereses contrapostos entre as administracións, organismos, entidades públicas, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal ós que preste asistencia xurídica o Servicio Xurídico do Estado, observaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Atenderase, en primeiro lugar, ó disposto na normativa especial ou nas cláusulas convencionais reguladoras da asistencia xurídica ó organismo ou entidade públicos, sociedades ou fundacións de que se trate.

2.<sup>a</sup> En caso de silencio da norma ou convenio procederá de seguinte modo:

a) Cando se suscite con ocasión do desempeño das funcións consultivas, o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, logo de audiencia das administracións, organismos, entidades, sociedades ou fundacións interesadas, se estimase oportuno este trámite, emitirá o informe que en dereito proceda, dándolles traslado deste.

b) Cando se suscite con ocasión do desempeño das funcións contenciosas, a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, antes de evacuarlo primeiro trámite procesual, e en atención á natureza dos intereses en conflito, exporalles ás administracións, organismos, entidades, sociedades ou fundacións litigantes o seu criterio tanto en canto á eventual solución extraxudicial do litixio, de ser esta posible, como, no seu defecto, á postulación que debese asumilo avogado do Estado, evitando en todo caso as situacións de indefensión. Manifestasen ou non a súa opinión as partes, co informe previo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, o ministro de Xustiza resolverá en definitiva o procedente en canto á postulación que terá que asumilo avogado do Estado. De se seguir apreciando nesta resolución a contraposición de intereses, non resultará de aplicación o convenio de colaboración e as administracións, organismos, entidades, sociedades ou fundacións litigantes que non sexan defendidas e representadas polo avogado do Estado poderán libremente designar para estes casos a asistencia, defensa e representación xurídicas que estimen convenientes.

## CAPÍTULO II

### **O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado**

**Artigo 11. *Carácter e nomeamento e cesamento do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.***

1. O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado terá categoría de subsecretario e será nomeado e separado mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza.

2. Para ser nomeado avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado será necesario te-la condición de avogado do Estado.

3. Ó avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado correspóndenlle as funcións de dirección do Servicio Xurídico do Estado e a súa relación con toda clase de organismos, entidades e centros nacionais ou estranxeiros, así como aquelas outras que as disposicións vixentes establezan.

4. No desempeño da súa función de asistencia xurídica, o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado asistirá a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios, cando así o dispoña o seu presidente.

**Artigo 12. *Asunción de asuntos polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.***

O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado poderá asumir para si actuacións contenciosas ou consultivas concretas cando considere que a importancia ou a índole do asunto o requira.

**Artigo 13. *Suplencia.***

O secretario de Estado de Xustiza acordará a suplencia do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade; no seu defecto, será suplido polos titulares das subdireccións xerais pola orde establecida no artigo 3.1 deste regulamento.

## CAPÍTULO III

### **Asistencia xurídica ós restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, comunidades autónomas e corporacións locais**

**Artigo 14. *Asistencia xurídica ós restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal.***

1. De conformidade co disposto na Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, os avogados do Estado asumirán a asistencia xurídica das entidades públicas empresariais reguladas na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como daqueles outros organismos e entidades públicos que estean regulados pola súa normativa específica, cando as normas reguladoras do organismo ou entidade públicos correspondente así o prevexan e na forma e coa organización que aquela dispoña.

2. Cando a normativa aplicable ós organismos e entidades públicos a que se refire o punto anterior non prevexa a asistencia xurídica prevista neste, os avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado poderana asumir mediante a formalización do oportuno convenio. No devandito convenio deberase preve-la contraprestación económica que terá que satisfacerlo ente público ó Estado, que se ingresará no Tesouro público xerando crédito nos servicios correspondentes da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, de conformidade co disposto na lexislación orzamentaria. Para tal efecto, e unha vez acreditado o ingreso no Tesouro público do importe da referida compensación económica, o Ministerio de Facenda tramitará o oportuno expediente de modificación orzamentaria por tal concepto.

3. Segundo o establecido na disposición adicional quinta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, poderáselles encomendar ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado a asistencia xurídica, consistente no asesoramento e na representación e defensa en xuízo,

das sociedades mercantís estatais e das fundacións cunha dotación achegada, en todo ou en parte, polo Estado, polos seus organismos autónomos ou polos restantes organismos ou entidades públicos, mediante a formalización do oportuno convenio. Esta asistencia xurídica prestarase na forma prevista na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, neste regulamento e no convenio de natureza xurídico-pública que se subscriba para o efecto.

A asistencia xurídica a estas sociedades e fundacións será efectiva tan pronto como subscriban coa Administración xeral do Estado os correspondentes convenios de colaboración. En tales convenios determinarase a compensación económica que a sociedade ou fundación aborará como contraprestación polos servizos de asistencia xurídica, a cal poderá xerar crédito nos servizos da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Para tal efecto, e unha vez acreditado o ingreso no Tesouro Público do importe da referida compensación económica, o Ministerio de Facenda tramitará o oportuno expediente de modificación orzamentaria por tal concepto.

#### Artigo 15. *Asistencia xurídica ás comunidades autónomas.*

1. O Servizo Xurídico do Estado poderalles prestar asistencia xurídica ás comunidades autónomas mediante a celebración do oportuno convenio de colaboración.

2. O convenio de asistencia xurídica deberase celebrar entre o Goberno da Nación e os órganos de goberno das comunidades autónomas, por proposta do ministro de Xustiza, logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

3. No convenio deberase prever a contraprestación económica que terá que satisfacer a comunidade autónoma ó Estado, que poderá xerar crédito nas partidas orzamentarias da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Para tal efecto, e unha vez acreditado o ingreso no Tesouro público do importe da referida compensación económica, o Ministerio de Facenda tramitará o oportuno expediente de modificación orzamentaria por tal concepto.

4. No caso de que a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado estimase a existencia dun suposto de contraposición de intereses entre a comunidade autónoma e o Estado, os seus organismos autónomos, os restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións con participación estatal ou órganos constitucionais, farallo saber así á comunidade autónoma e solicitará expresamente cal é o criterio que esta sostén ó respecto. Manifestase ou non este criterio, de se seguir apreciando a contraposición de intereses non resultará de aplicación o convenio de colaboración e non se prestará a asistencia xurídica a aquela, quen poderá libremente designar para este caso a asistencia, defensa e representación xurídicas que estime convenientes. Esta norma de solución da contraposición de intereses farase constar expresamente nos convenios de colaboración correspondentes.

#### Artigo 16. *Asistencia xurídica ás corporacións locais.*

1. O Servizo Xurídico do Estado poderalles prestar asistencia xurídica ás corporacións locais mediante a celebración do oportuno convenio de colaboración.

2. O convenio de asistencia xurídica deberase celebrar entre o ministro de Xustiza e as corporacións locais interesadas ou as federacións en que estas se integran, por proposta ou logo de audiencia da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

3. No convenio deberase prever a contraprestación económica que lle terá que satisfacer a corporación local

ó Estado, que poderá xerar crédito nas partidas orzamentarias da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Para tal efecto, e unha vez acreditado o ingreso no Tesouro Público do importe da referida compensación económica, o Ministerio de Facenda tramitará o oportuno expediente de modificación orzamentaria por tal concepto.

4. No caso de que a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado estimase a existencia dun suposto de contraposición de intereses entre a corporación local e o Estado, os seus organismos autónomos, os restantes organismos e entidades públicos, as sociedades mercantís estatais, fundacións con participación estatal ou os órganos constitucionais, farallo saber así á corporación local e solicitará expresamente cal é o criterio que esta sostén ó respecto. Manifestase ou non este criterio, de se seguir apreciando a contraposición de intereses non resultará de aplicación o convenio de colaboración e non se prestará a asistencia xurídica a aquela, quen poderá libremente designar para este caso a asistencia, defensa e representación xurídicas que coide convenientes. Esta norma de solución da contraposición de intereses farase constar expresamente nos convenios de colaboración correspondentes.

#### Artigo 17. *Asistencia xurídica á Administración portuaria.*

1. A asistencia xurídica ó ente público Portos do Estado e ás autoridades portuarias será prestada polo Servizo Xurídico do Estado, nos termos establecidos neste regulamento e nos convenios de natureza xurídico-pública que se subscriban para o efecto.

Iso non obsta a posibilidade de que o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo do ente público Portos do Estado e das autoridades portuarias poidan ser encomendados a avogado colexiado e, se é o caso, procurador especialmente designados para o efecto polo consello rector ou polos consellos de administración das respectivas entidades, ben que, no suposto de actuacións procesuais, será precisa a comunicación previa á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

2. Para estes efectos, a Administración xeral do Estado e os respectivos entes públicos subscribirán os oportunos convenios de colaboración, nos que se determinará a compensación económica que as entidades públicas portuarias aborarán como contraprestación polos servizos de asistencia xurídica, a cal xerará crédito nas partidas orzamentarias da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

3. O ente público Portos do Estado, logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, designará e substituirá aqueles avogados do Estado que deban ser nomeados vocais dos consellos de administración das autoridades portuarias en representación da Administración xeral do Estado. O mesmo terá lugar cando o convenio así o prevexa, na designación polo ente público Portos do Estado dun avogado do Estado integrado no Servizo Xurídico do Estado como secretario ou vocal ou, no seu defecto, como asistente con voz pero sen voto no seu consello rector.

A designación de determinados avogados do Estado como vocais representantes da Administración xeral do Estado nos consellos de administración das autoridades portuarias e no Consello Rector de Portos do Estado será compatible, se é o caso, coa designación como asesores xurídicos doutros avogados do Estado, a título de asistentes con voz pero sen voto, ou como secretarios daqueles.

**Artigo 18. *Natureza dos convenios e actuación do avogado do Estado.***

1. Os convenios de colaboración a que se refire este capítulo terán natureza administrativa, de maneira que tódalas cuestións que poidan xurdir arredor da súa interpretación, modificación, resolución e efectos lle corresponderán á xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo doutros instrumentos de solución extraproceuais.

2. No exercicio das funcións de asistencia xurídica ás que se refire este capítulo, os avogados do Estado terán os dereitos, deberes e prerrogativas establecidos para o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo da Administración xeral do Estado.

## CAPÍTULO IV

### Persoal de apoio

**Artigo 19. *Persoal de apoio.***

1. O persoal de apoio ten como misión asegurar un correcto funcionamento do Servizo Xurídico do Estado en relación con aqueles cometidos que non estean atribuídos normativamente ós avogados do Estado.

2. En función das necesidades, a relación de postos de traballo poderá prever unidades horizontais de apoio no nivel central, que prestarán asistencia á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, no nivel de avogacías do Estado de ámbito nacional, ou no nivel territorial, asistindo a unha ou máis avogacías do Estado periféricas.

## TÍTULO II

### Réxime da función consultiva

**Artigo 20. *Carácter da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado como centro consultivo.***

A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado é o centro superior consultivo da Administración do Estado, organismos autónomos e entidades públicas dependentes, conforme as súas disposicións reguladoras no caso destas últimas, e sen prexuízo das competencias atribuídas pola lexislación ós subsecretarios e secretarios xerais técnicos, así como das especiais funcións atribuídas ó Consello de Estado como supremo órgano consultivo do Goberno, de conformidade co disposto no artigo 107 da Constitución e na súa Lei orgánica de desenvolvemento.

**Artigo 21. *Órganos que poden solicitar informe.***

1. Poderán solicitar informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado os órganos da Administración xeral do Estado nos que os titulares teñan categoría igual ou superior a director xeral ou asimilado. Emporiso, cando se trate de informes preceptivos, poderán ser solicitados polo órgano ó que lle corresponda a tramitación do expediente.

Igualmente poderán solicitar informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado os presidentes, directores xerais ou órganos que desempeñen funcións equivalentes nos organismos autónomos, nos restantes organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal ás que legal, regulamentariamente ou mediante o oportuno convenio lles preste asistencia xurídica aquel centro.

2. Poderán solicitar informe das avogacías do Estado nos ministerios os órganos do respectivo departamento cando os seus titulares teñan categoría igual ou superior a director xeral ou asimilado, salvo que se trate de informes preceptivos ou que teñan por obxecto determinar a suficiencia dos documentos presentados para acreditar a representación dunha persoa por outra; nestes supostos poderán solicitar os informes os órganos que teñan ó seu cargo a tramitación dos expedientes.

Igualmente, poderán solicitar informe das avogacías do Estado nos ministerios os presidentes, directores xerais ou órganos que desempeñen funcións equivalentes nos organismos autónomos, demais organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal, dependentes ou vinculadas ó departamento, sempre que respecto a estas tres últimas así estea previsto legal, regulamentariamente ou mediante o oportuno convenio, coas salvidades expresadas no parágrafo anterior.

No exercicio das súas funcións de control interno da xestión económico-financeira do sector público estatal e cando a natureza do acto, documento ou expediente o requira, os interventores delegados da Intervención Xeral da Administración do Estado poderán solicitar directamente das avogacías do Estado nos ministerios o asesoramento xurídico que se considere necesario. Se se estimase que este asesoramento debe ser solicitado da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, o informe será solicitado, en todo caso, pola Intervención Xeral.

3. Poderán solicitar informe das avogacías do Estado na Administración periférica os respectivos delegados ou subdelegados do Goberno e os delegados ou xefes territoriais dos servizos non integrados, salvo que se trate de informes preceptivos ou referentes á suficiencia dos documentos que teñan por obxecto acreditar a representación dunha persoa por outra, en que poderán solicitar os informes os órganos ou xefes das unidades que tramiten os expedientes.

Igualmente, poderán solicitar informe das avogacías do Estado na Administración periférica os presidentes, directores xerais ou órganos que desempeñen funcións equivalentes nos restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal, ás que lles corresponda a asistencia xurídica do Servizo Xurídico do Estado e que teñan un ámbito territorial de competencia que non se estenda a todo o territorio nacional, coas salvidades indicadas no parágrafo anterior.

Se é o caso, poderán solicitar informe os delegados ou xefes territoriais dos organismos autónomos, dos restantes organismos e entidades públicas, sociedades mercantís estatais ou fundacións con participación estatal, ós que lles corresponda a asistencia do Servizo Xurídico do Estado, sempre que aqueles teñan a súa sede no ámbito territorial de competencia da Avogacía do Estado e coas salvidades sinaladas nos dous parágrafos anteriores.

No exercicio das súas funcións de control interno da xestión económico-financeira do sector público estatal e cando a natureza do acto, documento ou expediente o requira, os interventores territoriais da Intervención Xeral da Administración do Estado poderán solicitar directamente das avogacías do Estado na Administración periférica o asesoramento xurídico que se considere necesario.

**Artigo 22. *Carácter dos informes.***

Salvo norma legal ou regulamentaria que expresamente dispoña o contrario, os informes do Servizo Xurídico do Estado serán facultativos e non vinculantes.

**Artigo 23. Forma dos informes.**

Os informes que emitan as unidades do Servicio Xurídico do Estado serán escritos, salvo que o órgano consultante solicite o asesoramento verbal ou que así se dispoña por norma legal ou regulamentaria.

**Artigo 24. Contido dos informes.**

1. Os informes serán fundados en dereito e versarán sobre os extremos consultados, sen prexuízo de que se poidan examinar naqueles calquera outra cuestión derivada do contido da consulta ou da documentación que a acompaña.

2. Non obstante, poderase prescindir da motivación nos informes que se limiten a declara-la suficiencia, para os efectos pretendidos polos interesados, dos documentos que acrediten a representación dunha persoa por outra.

**Artigo 25. Momento de solicitude de determinados informes.**

Cando para resolve-los expedientes que se tramiten con intervención dos interesados sexa preceptivo ou se considere necesario o informe do Servicio Xurídico do Estado, o devandito informe solicitarase, salvo norma expresa que dispoña outra cousa, unha vez evacuada a audiencia daqueles e formulada proposta de resolución.

Non será aplicable o disposto no parágrafo anterior cando se solicite o informe do Servicio Xurídico do Estado para os únicos efectos da verificación da suficiencia de documentos xustificativos da personalidade ou da representación dos interesados ou para decidir cuestións relativas á tramitación dos expedientes.

**Artigo 26. Informes discrepantes.**

Cando un avogado do Estado ou unha Avogacía do Estado sostivese, en asunto que lle fose consultado, un criterio discrepante co mantido, en relación co mesmo ou análogo asunto, por outro avogado do Estado ou outra Avogacía do Estado, absterase de emitilo informe solicitado e elevaralle á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado consulta na que exporá o seu criterio coa suficiente motivación, achegando o dictame do que se discrepa e, se é o caso, os demais antecedentes pertinentes.

Neste suposto, porase en coñecemento do órgano consultante que a emisión do informe queda pendente do criterio que sobre o caso estableza a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

**Artigo 27. Consultas das avogacías do Estado á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.**

1. As avogacías do Estado poderanlle elevar á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado consultas sobre as cuestións sometidas a informe daquelas que lles susciten graves dúbidas ou que consideren de interese xeral.

2. En tales supostos, a Avogacía do Estado consultante deberá expor, coa suficiente motivación, o seu criterio sobre a cuestión formulada e, se é o caso, as circunstancias que ocasionen as dúbidas.

**Artigo 28. Comunicación e coordinación de actuacións contenciosas.**

1. As avogacías do Estado nos distintos departamentos ministeriais, organismos autónomos e demais

organismos e entidades públicos estatais actuarán, na forma que dispoña a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, como medio de comunicación das actuacións contenciosas que afecten o respectivo ministerio, organismo ou entidade. Tamén poderán exercer funcións de coordinación das devanditas actuacións contenciosas nos casos en que a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado así o acorde e baixo a súa supervisión.

2. Nos asuntos litixiosos de especial relevancia, as avogacías do Estado nos departamentos ministeriais, organismos autónomos e demais organismos e entidades públicos estatais coñecerán e intervirán, na forma que dispoña a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, nas actuacións administrativas esixidas ou relacionadas cos respectivos procesos xudiciais, tales como remisión do expediente, preparación e práctica de medios de proba ou elaboración de informes que teñan relación co proceso.

**Artigo 29. Competencia e recursos en materia de verificación de suficiencia.**

1. Nos termos establecidos nos artigos 7.2 e 8.2 deste regulamento, correspóndelles ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado verificación da suficiencia, co carácter de acto administrativo, dos documentos xustificativos da personalidade dos administrados e, en xeral, de tódolos poderes, expresando de modo concreto a súa eficacia en relación co fin para o que fosen presentados, así como as facultades dos que en nome doutro presten avais e outras garantías esixidas polas disposicións vixentes ou requiridas polo órgano administrativo competente.

2. Contra os actos dos avogados do Estado que declaren a invalidez ou a insuficiencia dos documentos presentados para acreditar a personalidade ou a representación dunha persoa por outra, impedindo a devandita declaración a continuación do procedemento correspondente, poderán recorrer-los interesados en alzada ante o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, e a súa resolución porá fin á vía administrativa.

**Artigo 30. Funcións dos avogados do Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos.**

Correspóndenlles ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado as funcións de secretarios dos tribunais económico-administrativos do Estado.

**TÍTULO III****Réxime da función contenciosa****CAPÍTULO I****Disposicións xerais****Artigo 31. Ámbito da representación e defensa.**

1. A representación e defensa da Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos, os restantes organismos e entidades públicos e órganos constitucionais, ante calquera xurisdicción e órganos xurisdiccionais, correspóndelles ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado, de conformidade co disposto na Lei orgánica do poder xudicial, na Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, nas leis procesuais aplicables en cada caso e neste regulamento.

2. Igualmente, corresponderalles ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado a repre-

sentación e defensa das sociedades mercantís estatais e as fundacións con participación estatal nos supostos en que así se estableza por convenio, desempeñándose a devandita representación e defensa de conformidade co disposto no artigo 14 deste regulamento.

3. Corresponderalles tamén ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado a representación e defensa do Reino de España ante os tribunais, órganos e organismos internacionais ou supranacionais en que este sexa parte en calquera procedemento xurisdiccional, arbitral ou extraxudicial.

O Goberno, por motivos excepcionais, e oído o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, poderá acordar que unha persoa especialmente designada para o efecto asuma a representación e defensa do Reino de España, como avogado do Estado ad hoc, nun procedemento determinado ante tribunais, órganos e organismos internacionais ou supranacionais no que España sexa parte.

A persoa designada polo Goberno asumirá, no desempeño dos seus servicios, as funcións do avogado do Estado e axustarase ás disposicións deste regulamento.

4. Os avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado poderán representar e defender en xuízo as comunidades autónomas e as corporacións locais nos supostos en que así se estableza por convenio.

5. Cando se considere conveniente encomendarlle a representación e defensa do Estado e das demais entidades referidas nesta artigo ante calquera xuíz ou tribunal estranxeiro a unha persoa especialmente designada para o efecto, tal designación será efectuada, por proposta do departamento, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal interesados no proceso, e logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, polo embaixador de España no país do foro, de acordo coas normas xerais que rexen a contratación administrativa. Igual designación terá lugar mesmo cando o departamento, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal interesados non efectúen proposta ningunha.

En caso de urxencia, a designación será feita polo embaixador de España no país do foro, logo de informe da Avogacía do Estado no Ministerio de Asuntos Exteriores, dándolles conta inmediatea á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e ó departamento, organismo ou entidade interesados.

O outorgamento e a revogación dos poderes procesuais corresponderalle ó embaixador de España no país do foro, logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e do departamento, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal correspondente. Copia dos devanditos poderes remitírase, para o seu arquivo, á Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores. En caso de incumprimento das instrucións remitidas ou do establecido nesta regulamento, a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado poderá propoñer a revogación dos poderes outorgados.

A Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores levará un rexistro de avogados e procuradores habilitados para poder actuar no estranxeiro no que se anotarán tódolos datos relativos a estes e á súa actuación procesual e que estará á disposición das autoridades do Ministerio de Asuntos Exteriores, da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, así como dos demais centros e organismos da Administración que xustifiquen un interese directo na consulta do rexistro.

### Artigo 32. *Dependencia da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.*

1. No exercicio das súas funcións de representación e defensa, os avogados do Estado actuarán baixo a dependencia da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e conforme as súas instrucións.

2. Nos procesos seguidos ante xuíces ou tribunais estranxeiros e cando afecten a política exterior de España, actuarase de conformidade coas instrucións da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, quen solicitará previamente o criterio e a decisión do ministro de Asuntos Exteriores.

### Artigo 33. *Petición de datos e antecedentes.*

Os órganos da Administración xeral do Estado, os organismos autónomos, entes públicos, as sociedades mercantís estatais, fundacións con participación estatal e os órganos constitucionais, así como as súas autoridades, funcionarios e empregados, prestaranlles ós avogados do Estado, en todo tipo de procedementos, a colaboración e o auxilio necesarios para a debida e adecuada defensa dos intereses que representan. Con este fin, e salvo precepto legal en contrario, facilitarán cantos datos ou documentos consten nas oficinas públicas, debendo ser trasladados directamente por calquera medio que asegure a constancia da súa recepción.

### Artigo 34. *Obrigas xerais dos avogados do Estado no desempeño da función contenciosa.*

Os avogados do Estado que teñan ó seu cargo o desempeño desta función deberán:

a) Consulta-la Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado nos asuntos en que así se estableza nas disposicións deste regulamento ou nas instrucións xenéricas ou particulares do centro directivo.

En particular, nos asuntos seguidos ante xuíces ou tribunais estranxeiros, daráselle traslado inmediato das demandas, autos, providencias e demais comunicacións xudiciais á Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores, que poderá reclamar dos ministerios, organismos ou entidades afectados cantos datos ou documentos considere necesarios. A Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores elaborará un informe que resuma a cuestión litixiosa que elevará a consulta da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e, cando pola súa natureza ou contía puidese afecta-la política exterior de España, ó ministro de Asuntos Exteriores, para que este poida dictarlas correspondentes instrucións. Unha copia deste informe remitírasele ó departamento, organismo, entidade pública, sociedade estatal ou fundación de participación estatal interesados no proceso.

b) Manter informada a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado da tramitación e resultado dos procedementos co detalle e na forma que o devandito centro directivo determine a través das oportunas instrucións.

c) Manter informados o ministerio, o organismo autónomo e, se é o caso, a entidade pública ou sociedade mercantil estatal, fundación con participación estatal, comunidade autónoma ou corporación local de quen se representen e defendan en xuízo os intereses, da tramitación e do resultado dos procesos.

A anterior información facilitarase a través da Avogacía do Estado correspondente no suposto previsto no artigo 28.

Nos procesos relativos ó Ministerio de Defensa e ós seus organismos autónomos, esta información facilitarase a través da Asesoría Xurídica Xeral deste ministerio.

Nos procesos seguidos ante xuíces ou tribunais estranxeiros, esta obriga correspóndelle á Avogacía do Estado no Ministerio de Asuntos Exteriores.

d) Asistir ás vistas e ás dilixencias de proba, así como evacua-los trámites orais ou escritos en tempo e forma.

e) Realizar cantas actuacións sexan precisas para a mellor defensa dos dereitos que representen e solicitar cantos datos e antecedentes sexan necesarios para tal fin.

f) Observar na súa actuación xurisdiccional a policía de estrados que en cada caso corresponda, con cumprimento da normativa aplicable.

## CAPÍTULO II

### Normas especiais sobre actuación procesual dos avogados do Estado

#### Artigo 35. *Notificacións, citacións, emprazamentos e demais actos de comunicación procesual.*

1. Os avogados do Estado coidarán de que tódalas notificacións, citacións, emprazamentos e demais actos de comunicación procesual que se deban practicar nos procesos en que sexan parte se entendan directamente co avogado do Estado na sede oficial da respectiva Avogacía do Estado.

Para tal efecto, se for necesario, nos primeiros escritos que lles dirixan ós órganos xurisdiccionais e en calquera outro caso en que resulte procedente farase consta-la sede da Avogacía do Estado competente.

2. En caso de actos ou resolucións xudiciais ditados por xuíces ou tribunais estranxeiros, o Estado español darase por notificado cando:

a) A notificación teña lugar segundo as canles previstas en convenios ou acordos internacionais en vigor entre España e o país do foro.

b) En defecto de norma convencional, cando a notificación teña lugar polo procedemento previsto na lexislación do foro, sempre que esta preveña dun modo específico o suposto de notificación a un Estado estranxeiro en conformidade coa práctica internacional.

c) En defecto de todo o anterior, cando o acto ou resolución xudicial se lle notifique dunha forma oficial ó embaixador de España ou por vía diplomática ó Ministerio español de Asuntos Exteriores.

d) En defecto de canto antecede, cando a Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores considere expresamente que existen os requisitos suficientes para dar por boa a notificación.

Soamente o embaixador de España no país do foro, ou as persoas que resulten competentes en virtude de tratados ou convenios internacionais, así como a Avogacía do Estado no Ministerio de Asuntos Exteriores, poderán xustificar recepción de demandas, actos ou resolucións xudiciais provenientes de xuíces ou tribunais estranxeiros.

#### Artigo 36. *Exercicio de accións.*

1. Os avogados do Estado non exercerán accións ante ningún órgano xurisdiccional sen estaren previamente autorizados para iso, con carácter singular ou xeral, pola Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

2. Quedan excluídos do requisito da autorización previa os supostos de urxencia, dos que o avogado do Estado-xefe dará inmediata razón á Avogacía Xeral do

Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado para que ratifique a actuación realizada ou acorde a desistencia, se é o caso.

3. Os avogados do Estado non exercerán nin autorizarán que se exerza ningunha clase de accións en nome do Estado español, organismos ou outras entidades no ámbito do artigo 31 deste regulamento sen estaren autorizados previamente por orde do ministro de Asuntos Exteriores, logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, e logo de proposta ou consulta ó departamento, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal interesados.

#### Artigo 37. *Foro territorial do Estado.*

Os avogados do Estado coidarán da observancia polos tribunais e xulgados do foro territorial do Estado, e proporán en forma a declinatoria, en caso necesario.

#### Artigo 38. *Exención de depósitos e caucións.*

Nos casos en que así proceda, os avogados do Estado coidarán da observancia polos xulgados e tribunais da exención de depósitos, caucións ou calquera outro tipo de garantías, e interporán, en caso contrario, os recursos procedentes.

#### Artigo 39. *Consulta á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado en procesos civís.*

1. Cando nos procesos civís se solicite a suspensión do curso dos autos para elevar consulta á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, os avogados do Estado formularana no prazo de cinco días desde a notificación da resolución xudicial en que aquela se acorde.

2. Na consulta os avogados do Estado exporán o seu parecer razoado sobre o asunto, proporán a conducta procesual que hai que seguir e indicarán a data de expiración do prazo de suspensión das actuacións procesuais.

3. Á consulta xuntaranse os datos e antecedentes dispoñibles relativos ó asunto.

#### Artigo 40. *Reclamación en vía administrativa.*

1. Cando se exerzan accións xudiciais fundadas no dereito privado ou laboral contra unha Administración pública representada e defendida polo Servicio Xurídico do Estado, os avogados do Estado coidarán de que se cumpra o requisito da reclamación previa en vía administrativa, e oporán, en caso contrario, a excepción correspondente.

2. As reclamacións en vía administrativa que se formulen por mor de, como consecuencia de ou con referencia a actuacións procesuais ante os tribunais estranxeiros remitiráselle á Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores. A Avogacía do Estado completará, se é o caso, o expediente mediante a incorporación dos antecedentes e dos elementos da lexislación estranxeira precisos e remitírallo cun informe sucinto á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado. A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado emitirá informe, logo de consulta ó departamento, organismo, entidade pública, sociedade mercantil ou fundación con participación estatal interesados.

A orde resolutoria da reclamación correspóndelle ó ministro de Asuntos Exteriores e comunicaráselle ó interesado polos servicios do devandito ministerio. Se é o caso, o contido da orde resolutoria poderase formalizar con suxeición ás prescricións da Lei do foro.

**Artigo 41. Disposición da acción procesual.**

1. Para que o avogado do Estado poida validamente desistir de accións ou recursos, afastarse de querelas ou avirse ás pretensións da parte contraria, precisará autorización expresa da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, que poderá outorgala con carácter singular, para cada caso particular, ou con alcance xeral, para series de asuntos idénticos ou de similares características. En ámbolos casos se deberá solicitar previamente o parecer do departamento, organismo ou entidade pública correspondente.

2. Cando a asistencia xurídica se preste en virtude de convenio, seguirase o que este dispoña; no seu defecto, aplicarase o réxime establecido no punto anterior.

3. Nos procedementos xudiciais ante xuíces ou tribunais estranxeiros, os actos de disposición da acción procesual deberán ser autorizados por orde do ministro de Asuntos Exteriores, logo de informe favorable da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e logo de consulta ó departamento, organismo ou entidade interesados.

**Artigo 42. Recursos contra resolucións xudiciais.**

A interposición ou preparación de recursos contra resolucións xudiciais rexerese polo que en cada caso dispoña, con carácter xeral ou para supostos particulares, a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado. Na falta destas, o avogado do Estado anunciará, preparará ou interporá os recursos procedentes contra as resolucións xudiciais desfavorables.

**Artigo 43. Execución de sentencias.**

1. En caso de sentencias que condenen ó pagamento dunha cantidade líquida de diñeiro, o pagamento farase sempre con cargo ós orzamentos do ministerio, organismo ou entidade a quen especialmente afecte a cuestión litixiosa no momento da execución.

A mesma regra será aplicable cando houbese condena en custas ó Estado, organismo, entidade pública, sociedade ou fundación representados.

2. Nas condenas que se traduzan en indemnizacións de danos e perdas, unha vez fixadas estas, e nas que representen cantidade ilíquida, logo que se determine e liquide por resolución firme e se ordene o seu cumprimento, procederase de conformidade co disposto no punto anterior.

3. Cando se teña que executar unha sentenza que condene o Estado, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal a entregar unha cousa determinada, procurarán os avogados do Estado representantes daqueles que os requirimentos tendentes a facer efectiva a execución se entendan directamente coa autoridade, entidade, sociedade ou fundación ou órgano baixo a administración do cal se encontren os bens, e non poderán admitir, en ningún caso, tales requirimentos os anteditos representantes en xuízo.

Procederase do mesmo xeito cando o Estado, organismo, entidade pública, sociedade mercantil estatal ou fundación con participación estatal sexan condenados a facer ou non facer algunha cousa.

4. No caso de sentencias firmes dictadas por xuíces ou tribunais estranxeiros, a execución da sentenza farase sempre con cargo ós orzamentos do ministerio, organismo ou entidade a quen especialmente afecte a cuestión litixiosa no momento da execución.

5. En fase de execución de sentencias, o Servicio Xurídico do Estado promoverá cantas iniciativas redunden en defensa e protección dos intereses públicos.

**Artigo 44. Custas procesuais.**

1. Os avogados do Estado pedirán en todo caso e sen a menor dilación a taxación de custas nos procesos seguidos ante calquera xurisdicción ou orde xurisdiccional na que o litigante contrario fose condenado ó pagamento daquelas, salvo que con anterioridade este satisfíxese o seu importe.

2. De existir condena en custas que afecte varias instancias procesuais ou órganos xurisdiccionais, cada avogado do Estado elaborará a proposta da minuta de honorarios que lle corresponda, a non ser que na resolución xudicial se faga expresa indicación da imputación das custas respecto a unha ou outra instancia ou órgano xurisdiccional.

3. Os avogados do Estado elaborarán as propostas de taxación de custas de acordo cos criterios e segundo o modelo que estableza a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

4. Firme a taxación de custas, os avogados do Estado instarán que os obrigados ó seu pagamento as satisfagan mediante o ingreso do seu importe. En caso de que non fosen satisfeitas voluntariamente no prazo dun mes contado desde o requirimento de pagamento efectuado para o efecto, o Servicio Xurídico do Estado acreditará esta circunstancia e remitirá xustificación desta xunto con testemuño do auto aprobatorio da taxación de custas, con expresión da súa firmeza, á Axencia Estatal de Administración Tributaria, para a súa exacción en vía de constrinximento administrativo.

5. Nos procesos seguidos ante xulgados e tribunais estranxeiros, a Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores coidará de que tanto as taxas ou dereitos xudiciais que se devenguen polos preitos no estranxeiro, coma os honorarios dos profesionais que neles interveñen por conta do Estado, organismos ou entidades sinalados no artigo 31 deste regulamento, se axusten ás normas vixentes no país respectivo e ós costumes comunmente admitidos, e vixiará para que non se inclúan en ningún caso conceptos non devengados.

A Avogacía do Estado do Ministerio de Asuntos Exteriores emitirá informe acerca das custas procesuais e dos honorarios dos avogados e dos procuradores que serán obxecto de transcripción no rexistro mencionado no artigo 31. Tales honorarios, así como os demais gastos que orixine no estranxeiro a defensa do Estado, organismos e demais entidades, serán satisfeitos polo ministerio ou entidade a que afecte a cuestión litixiosa, con cargo ós seus orzamentos.

**Artigo 45. Actuación ante tribunais internacionais.**

Cando os avogados do Estado actúen en representación e defensa do Reino de España ante os tribunais, órganos e organismos internacionais ou supranacionais en que aquel sexa parte, axustarán a súa actuación ó disposto neste regulamento tan só en defecto de normativa especial aplicable ó procedemento de que se trate.

**CAPÍTULO III****Representación e defensa de autoridades, funcionarios e empregados públicos****Artigo 46. Regras xerais.**

1. As autoridades, funcionarios e empregados do Estado, os seus organismos e entidades públicas, a que se refire o artigo 1 da Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, e os órganos constitucionais poderán ser representados e defendidos polo avogado



do Estado ante calquera orde xurisdiccional nos supostos en que se dirixa contra eles algunha acción como consecuencia do lexítimo desempeño das súas funcións ou cargos, ou cando cumprisen orde de autoridade competente.

2. Para asumir a representación e defensa de autoridades, funcionarios e empregados públicos, os avogados do Estado deberán estar previamente habilitados por resolución expresa do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.

3. A habilitación entenderase sempre subordinada á súa compatibilidade coa defensa dos dereitos e intereses xerais do Estado, organismo ou entidade correspondente e, en particular, dos que estean en discusión no mesmo proceso.

4. A habilitación será acordada logo de proposta razoada do órgano do que dependa a autoridade, funcionario ou empregado público de que se trate, na que se deberán conte-los antecedentes imprescindibles para que a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado poida verificala concorrencia dos requisitos expostos nos puntos anteriores.

5. En casos de detención, prisión ou calquera outra medida cautelar por actos ou omisións en que concorran os requisitos a que se refire o punto 1, as autoridades, funcionarios ou empregados públicos poderán solicitar directamente da Avogacía do Estado correspondente seren asistidos polo avogado do Estado. A súa solicitude producirá efectos inmediatos, a non ser que o avogado do Estado-xefe, en valoración de urxencia, considere de aplicación o disposto no punto 3; en todo caso, o avogado do Estado-xefe deberá emitir informe coa maior brevidade da solicitude e, se é o caso, da asistencia prestada á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, para os efectos de que valore a emisión da habilitación preceptiva a que se refiren os puntos anteriores, e sen a cal non poderá continuar a asistencia, se é o caso, prestada.

6. O disposto neste artigo non afectará en forma ningunha o dereito da autoridade, funcionario ou empregado público a designar defensor, ou a que se lle designe de oficio, e entenderase que se renuncia á asistencia xurídica por parte do avogado do Estado desde o momento en que a autoridade, funcionario ou empregado público compareza ou se dirixa ó órgano xurisdiccional mediante calquera outra representación.

7. Cando se siga procedemento contra unha autoridade, funcionario ou empregado público español ante un tribunal estranxeiro, poderá ser defendido por un avogado do Estado nos termos previstos nos puntos precedentes deste artigo. Se fose necesario encomendala representación e defensa do funcionario a unha persoa especialmente designada para o efecto, procederase a iso consonte o disposto nos artigos 31.5, 43.4 e 44.5 deste regulamento.

#### Artigo 47. *Réxime da representación e defensa dos empregados públicos.*

A representación e defensa das autoridades, funcionarios e empregados públicos, cando proceda, será levada a cabo polo avogado do Estado cos mesmos deberes e dereitos que cando actúe en defensa do Estado, e será compatible coa asistencia xurídica da Administración polo mesmo avogado do Estado no proceso.

#### Artigo 48. *Supostos especiais.*

1. No caso de que o avogado do Estado advertise a existencia de intereses contrapostos entre o Estado, organismos ou entidades públicas dos que ten legal ou convencionalmente a representación e as súas autori-

dades, funcionarios ou empregados, absterase de actuar en representación destes, porá tal circunstancia en coñecemento da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e terase que ater, en canto ás sucesivas actuacións, ó que o centro directivo dispoña.

2. O avogado do Estado comunicarlle inmediatamente á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado aqueles supostos nos cales as autoridades, funcionarios ou empregados públicos renuncien á asistencia xurídica previamente concedida ou impidan de calquera modo o adecuado desempeño da función de defensa polo avogado do Estado.

3. Do mesmo xeito procederá o avogado do Estado cando das actuacións que se desenvolvan no procedemento resulte que os feitos orixe deste non teñen directa vinculación co desempeño da función ou cargo da autoridade, funcionario ou empregado ou coa orde de autoridade competente en virtude da cal puidesen actuar.

4. Nos supostos previstos nos puntos anteriores, a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado acordará o procedente.

#### Artigo 49. *Eercicio de accións polo avogado do Estado en nome de autoridades, funcionarios ou empregados públicos.*

O exercicio de accións polo avogado do Estado ante calquera xurisdicción en nome de autoridades, funcionarios ou empregados públicos requirirá autorización expresa do ministro de Xustiza, por proposta razoada do titular do departamento, presidente ou director xeral do organismo ou entidade pública de quen dependa a persoa no nome da cal se pretendan exercer as devanditas accións, e logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

### CAPÍTULO IV

#### **Actuación procesual da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional**

#### Artigo 50. *Funcións contenciosas e encadramento orgánico da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.*

1. O desempeño das funcións encomendadas ó avogado do Estado pola Lei orgánica do Tribunal Constitucional levarase a cabo a través da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.

2. Esta avogacía dependerá inmediatamente do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado e terá adscritos os avogados do Estado que a correspondente relación de postos de traballo determine de acordo coas necesidades do servicio.

#### Artigo 51. *Comunicación da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional cos órganos executivos do Estado.*

O ministro de Xustiza canalizará as relacións entre os órganos do Estado afectados e a Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional a través da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, salvo que razóns de urxencia aconsellasen a comunicación directa.

#### Artigo 52. *Actuacións en casos especiais ante o Tribunal Constitucional.*

1. O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado poderá asumir persoalmente a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional de

calquera órgano do Estado afectado e designar para este efecto un ou varios avogados do Estado que o asistan cando así o acorde o Goberno.

2. O Goberno, por motivos excepcionais e oído o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, poderá acordar que un avogado en exercicio, especialmente designado para o efecto, actúe polos órganos executivos do Estado, como avogado do Estado ad hoc, nun procedemento determinado dos establecidos no capítulo II do título II ou nos capítulos II, III e IV do título IV da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

O avogado designado polo Goberno asumirá, no desempeño dos seus servizos, as funcións do avogado do Estado e axustarase ás disposicións deste regulamento.

3. Nos casos citados nos puntos anteriores e naqueles nos que de acordo co previsto no artigo 70 deste regulamento se atribúa a representación e defensa a un avogado do Estado non adscrito á Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional, o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado comunicarlle ó Tribunal Constitucional, coa antelación necesaria, o nome ou nomes dos que han levar a cabo as actuacións ante este.

#### Artigo 53. *Exercicio de accións ante o Tribunal Constitucional.*

O avogado do Estado non exercerá accións ante o Tribunal Constitucional sen que exista resolución do órgano executivo do Estado lexitimado para iso. Para interpor recurso de amparo requirirase autorización do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.

#### Artigo 54. *Formulación de demanda no recurso de inconstitucionalidade.*

1. No recurso de inconstitucionalidade, o avogado do Estado formulará a demanda a teor das instrucións que reciba por conducto da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

2. Se, acordado o exercicio do recurso, estivese a punto de vence-lo prazo establecido para iso e non recibise instrucións ó respecto, o avogado do Estado interporá a demanda na forma máis adecuada en dereito, con observancia, en todo caso, do previsto no artigo 33 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A Avogacía do Estado dará inmediata conta da presentación da demanda á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, quen, pola súa vez, sen a menor dilación, llo comunicará ó correspondente órgano executivo do Estado.

#### Artigo 55. *Emprazamento e constitución en parte da Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.*

1. Nos casos dos artigos 34.1 e 37.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, o traslado ó Goberno, por conducto do Ministerio de Xustiza, verificarase mediante o emprazamento e entrega da demanda ou cuestión á Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional.

2. Salvo determinación expresa en contrario comunicada dentro dos sete días posteriores á recepción do traslado, o avogado do Estado quedará facultado para se constituír en parte no recurso ou cuestión de inconstitucionalidade e para efectuar as alegacións que estime tecnicamente máis convenientes e que mellor sirvan ós intereses da defensa, no prazo legalmente sinalado para efecto.

#### Artigo 56. *Actuación do avogado do Estado no recurso de amparo.*

1. O avogado do Estado deberá solicita-lo alzamento ou a modificación da suspensión do acto recurrido en amparo tan pronto como coñeza datos ou circunstancias que fagan aconsellable tal alzamento ou modificación.

2. A Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional comunicarlle o procedente á Avogacía do Estado competente, para os efectos do artigo 58 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, dentro dos 15 días posteriores ó da publicación da sentenza.

3. En caso de dicta-lo tribunal pronunciamientos reiterados de outorgamento de amparo en asuntos de análoga natureza que afecten os órganos ou Administración defendidos polo avogado do Estado, este elevará comunicación detallada á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, co fin de que esta adopte ou proponha as medidas oportunas.

#### Artigo 57. *Actuación do avogado do Estado nos conflitos de competencia.*

1. O avogado do Estado promoverá conflito entre o Estado e unha comunidade autónoma consonte as instrucións que reciba do Goberno, e invocará o artigo 161.2 da Constitución cando expresamente se indique.

2. No caso de previo requirimento, o avogado do Estado promoverá o conflito cando estea expresamente autorizado para iso en virtude do correspondente acordo do Consello de ministros.

Do mesmo xeito se procederá no suposto do artigo 73.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

3. Nos conflitos promovidos polo órgano executivo superior dunha comunidade autónoma nos que teña interese o Estado, o Goberno, no mesmo día en que reciba a comunicación a que se refire o artigo 64.1 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, trasladará ó avogado do Estado a devandita comunicación da iniciación do conflito. O avogado do Estado oporase á pretensión do promotor do conflito nos termos que estime mellor axustados a dereito, salvo que reciba instrucións precisas do Goberno dentro dos 10 primeiros días do prazo de alegacións.

Procederase de modo semellante no caso do artigo 69.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A formulación de alegacións a que se refire o artigo 75.1 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional realizarase defendendo a constitucionalidade da norma estatal de réxime local correspondente ou, se é o caso, no modo en que sexa máis favorable ó Estado.

4. No caso do artigo 72.1 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, o avogado do Estado só actuará mediante instrucións expresas do Goberno.

5. No suposto do artigo 74 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, o avogado do Estado aterase ó disposto no artigo 55.2 deste regulamento.

#### Artigo 58. *Actuación do avogado do Estado nos procedementos de declaración sobre a constitucionalidade dos tratados internacionais.*

No procedemento establecido para a declaración sobre a constitucionalidade dos tratados internacionais, o avogado do Estado evacuará o trámite a que se refire o artigo 78.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, e presentará informe ante este nos termos que entenda máis axustados á Constitución, consonte os antecedentes que reciba.

Cando o procedemento fose promovido por calquera das Cámaras das Cortes Xerais, o Goberno daralle conta do emprazamento á Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional e cursará as instrucións oportunas coa maior brevidade posible.

**Artigo 59. Outras disposicións sobre a actuación procesual do avogado do Estado.**

1. Para efectos do artigo 84 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional e, en xeral, para realizar no preito principal ou nas súas incidencias calquera acto que non supoña disposición da relación xurídica procesual, o avogado do Estado non precisará de autorización ou consulta, salvo que outra cousa sexa disposta polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.

2. Os actos de desistencia, renuncia ou recoñecemento procesual, total ou parcial, de pretensións de fondo requiren previa autorización do órgano lexitimado en cada caso. Nos recursos de amparo abundará coa autorización do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado. Para tales fins, a Avogacía do Estado poderá elevar, cando o estime procedente, as correspondentes propostas. A certificación do acordo recaído xuntarase ó escrito en que formalicen tales actos.

3. O avogado do Estado recorrerá en súplica as providencias e autos do Tribunal Constitucional que sexan desfavorables ós intereses polos que postula cando estime que existe un claro fundamento xurídico para que o recurso prospere.

4. No caso de que o Tribunal Constitucional lles imponha custas a parte ou partes non representadas e defendidas polo avogado do Estado, ós honorarios que lle correspondan a este daráselle-lo destino previsto nas leis.

5. Cando o órgano ou Administración defendidos e representados polo avogado do Estado tivesen que formular incidencias de execución, estas promoveranse a través da Avogacía do Estado que en cada caso corresponda.

6. Calquera órgano da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos deberalle prestar á Avogacía do Estado ante o Tribunal Constitucional a asistencia e colaboración precisas, facilitando cantos datos, informes ou antecedentes lle sexan solicitados pola devandita avogacía para o mellor cumprimento da súa misión.

**Artigo 60. Comunicación co avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.**

Os avogados do Estado que teñan encomendadas as funcións a que este capítulo se refire deberán observar, ademais das prevencións anteriormente establecidas, as seguintes:

a) O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado poderá requirir-la copia de cantos escritos procesuais formulen, co fin de que o centro poida impartir, cando o estime preciso, as instrucións oportunas.

b) Remítiranlle ó avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado copia das sentencias do tribunal que lle sexan notificadas, así como daqueles autos e providencias de maior importancia.

c) Coidarán de cumprir e solicitarán que se cumpran as normas procesuais aplicables.

## TÍTULO IV

### A Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado

**Artigo 61. Ámbito, funcións e xefatura da Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.**

1. Tódolos órganos e unidades administrativos, así como os postos de traballo reservados ós avogados do

Estado, integrantes do Servicio Xurídico do Estado, se atopan sometidos ó control da Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Ministerio de Administracións Públicas.

2. Correspóndelle á Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, sen prexuízo doutras competencias que a esta lle poida atribuí-la normativa orgánica do Ministerio de Xustiza, o control de eficacia, eficiencia e calidade das tarefas desenvolvidas polo Servicio Xurídico do Estado e, en particular, as seguintes funcións:

a) A inspección operativa da xestión das avogacías do Estado e demais órganos, unidades e postos de traballo dependentes da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado ou integradas nela.

b) A inspección técnico-xurídica da actuación dos órganos, unidades ou servicios que teñan atribuídas as funcións de asistencia xurídica a que se refire o artigo 1 deste regulamento.

3. Entenderase por inspección técnico-xurídica o control dos criterios interpretativos da normativa xurídica aplicados polos órganos e unidades sometidos a inspección na súa actuación consultiva e contenciosa, así como o control da actuación procesual desenvolvida en defensa dos intereses dos entes representados ante os xulgados e tribunais de xustiza e, se é o caso, en procedementos extraxudiciais e prexudiciais.

Os avogados do Estado que exerzan esta función deberán comprobar especialmente se os criterios interpretativos e a actuación procesual a que se fixo referencia se axustaron ás instrucións e dictames que, se é o caso, emitise a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado.

4. A xefatura da Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado correspóndelle ó avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado e será exercida pola Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza, sen prexuízo da facultade de avocación que a aquel lle corresponde nos termos previstos legalmente.

5. O avogado do Estado-xefe no Ministerio de Xustiza será membro da Comisión Coordinadora de Inspeccións Xerais de Servicios dos Departamentos Ministeriais.

**Artigo 62. Desempeño da inspección dos servicios.**

1. Corresponderá-lle-lo exercicio das funcións de inspección ós avogados do Estado designados para iso e auxiliados polo persoal colaborador necesario, conforme o disposto neste regulamento.

2. Os inspectores dos servicios, no exercicio das súas funcións, actuarán co carácter de delegados do ministro de Xustiza e do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado; e, en canto tales, gozarán de total independencia respecto dos órganos e persoas obxecto de inspección, sen prexuízo de mantela máis estreita colaboración con eles para o mellor desempeño das súas tarefas e para o cumprimento dos seus obxectivos.

**Artigo 63. Organización das inspeccións dos servicios.**

1. A Inspección dos Servicios organizarase dentro do territorio nacional por zonas xeográficas de actuación, comprensivas do ámbito dunha ou máis comunidades autónomas. A organización e adscrición dos inspectores dos servicios ás zonas será acordada polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado e publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. Con independencia do disposto no punto anterior, o avogado do Estado-xefe no Ministerio de Xustiza poderalles encomendar ás inspeccións dos servicios cometidos específicos en materia de inspección de áreas funcionais ou sectores de actividade, así como outras de calquera natureza da competencia da Inspección dos Servicios da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

3. Os anteriores criterios de organización non impedirán a actuación das inspeccións dos servicios nas tarefas de inspección que lles sexan encomendadas polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado ou o avogado do Estado-xefe no Ministerio de Xustiza, fóra da zona ou ámbito asignados.

#### Artigo 64. *Deber de colaboración.*

1. Tódolos funcionarios e persoal laboral dos órganos e unidades sometidos a inspección lles deberán prestar ós avogados do Estado que a realicen a máxima colaboración para o mellor cumprimento das súas funcións.

2. O persoal das inspeccións dos servicios no exercicio das súas funcións terá acceso ós locais, ó persoal e á documentación e información de que dispoñan os órganos e unidades inspeccionados, calquera que sexa a súa natureza. Este acceso quedará limitado ó ámbito estrito do obxecto da inspección, sen que en ningún caso se poida estender a datos que afecten a intimidade das persoas ou os dereitos de terceiros.

3. Os avogados do Estado encargados da inspección comunicaranlle ó avogado do Estado-xefe do Ministerio de Xustiza de forma inmediata calquera acto que contraveña o establecido neste artigo e, en particular:

a) Calquera actuación tendente a menoscaba-la independencia do persoal inspector respecto dos órganos e persoal sometidos a control.

b) Os actos que comporten obstrucción ou falta de colaboración no desenvolvemento das actuacións de inspección.

c) A negativa, obstrucción ou falsidade na comunicación da información requirida ou no acceso ós datos solicitados para a realización das actuacións de inspección.

#### Artigo 65. *Obrigas do persoal da Inspección dos Servizos.*

1. O persoal das Inspeccións dos Servizos estará obrigado ó máis rigoroso sxiilo profesional en relación coas actuacións que realice, que se estenderá a tódolos datos, informes e á información de calquera tipo a que teña acceso no desempeño das súas funcións.

2. Os inspectores dos servizos e o seu persoal colaborador estarán obrigados a se identificar como tales ante o persoal obxecto das actuacións de inspección.

## TÍTULO V

### Disposicións relativas ó corpo de avogados do Estado

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

#### Artigo 66. *Adscripción do corpo de avogados do Estado ó Ministerio de Xustiza.*

1. O corpo de avogados do Estado está adscrito ó Ministerio de Xustiza, e correspóndenlle a este depar-

tamento as competencias propias da devandita adscripción respecto ós seus funcionarios.

2. Os postos de traballo que teñan atribuídas as funcións de asistencia xurídica ás que se refire o artigo 1 da Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas estarán reservados con carácter exclusivo ós funcionarios do corpo de avogados do Estado e figurarán sen ningunha exclusión na relación de postos de traballo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

#### Artigo 67. *Provisión de postos de traballo.*

1. Serán provistos polo sistema de libre designación entre funcionarios do corpo de avogados do Estado aqueles postos que en cada momento determine a relación de postos de traballo.

2. A convocatoria e a resolución dos concursos de méritos para a provisión de postos de traballo reservados en exclusiva ó corpo de avogados do Estado corresponderalle ó ministro de Xustiza, por proposta do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.

#### Artigo 68. *Letrados habilitados.*

1. Cando o servizo o requira, o avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado poderá habilitar funcionarios licenciados en dereito para que realicen determinadas actuacións en substitución do avogado do Estado. Para estes mesmos efectos e cando non se poida realiza-la devandita habilitación en favor de funcionarios, excepcionalmente, poderá tamén habilitar letrados non funcionarios.

No caso de que o funcionario que se pretende habilitar non estea incluído na relación de postos de traballo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, a habilitación será conferida logo de informe favorable do subsecretario do departamento ó que pertenza tal funcionario.

A habilitación a que se refiren os parágrafos anteriores poderá ser revogada en calquera momento polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.

2. En todo caso, os letrados habilitados, sexan ou non funcionarios, e, no primeiro caso, figuren ou non os seus postos de traballo na relación de postos de traballo da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, actuarán baixo as ordes e a dirección técnica do avogado do Estado-xefe correspondente. Tales letrados habilitados gozarán do réxime de representación e defensa en xuízo que por lei lle corresponde ó Servizo Xurídico do Estado, e actuarán en xuízo baixo a expresa denominación de letrados habilitados da Avogacía do Estado de que se trate.

3. Cando os letrados habilitados que reúnan a condición de funcionarios desenvolvan esta actividade co carácter de extraordinaria respecto ás que corresponden ó seu posto de traballo, poderán ser retribuídos polo Ministerio de Xustiza mediante o sistema de gratificacións a que se refire o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de acordo coa autorización outorgada no artigo 124 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

#### Artigo 69. *Designación de avogados para supostos especiais.*

1. Con carácter excepcional, o ministro de Xustiza, por proposta motivada do titular do departamento ministerial interesado e logo de informe do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, poderá acordar que un avogado en exercicio, especialmente

designado para o efecto, actúe nun asunto determinado en representación e defensa do Estado.

2. O avogado designado para supostos especiais axustará as súas actuacións ás normas previstas nesta regulamento para os avogados do Estado.

#### Artigo 70. *Designación especial.*

1. O avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado poderá designar especialmente un ou máis avogados do Estado para que se encarguen dun ou de varios asuntos ou actuacións concretas. Esta designación seralle comunicada ó avogado do Estado-xefe, que a terá en conta para a distribución do traballo na respectiva Avogacía do Estado.

2. Cando a transcendencia do asunto o requira, o avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado poderá constituír grupos de traballo, integrados por avogados do Estado de distintas avogacías do Estado, para tratar ou levar asuntos, contenciosos ou consultivos. A coordinación destes grupos de traballo corresponderalle á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, que dictará as súas pautas ou criterios xerais de actuación e os proverá dos medios adecuados para o desempeño da súa función.

#### Artigo 71. *Xefatura das avogacías do Estado.*

1. Nas unidades en que houbese máis dun avogado do Estado, o que tivese atribuída a xefatura exercerá as seguintes funcións:

a) Dispo-la distribución dos asuntos entre os avogados do Estado adscritos á unidade.

b) Leva-la dirección e a inspección internas dos asuntos propios da Avogacía do Estado e resolve-las dúbidas que acerca destes se poidan suscitar.

c) Dirixi-las comunicacións coa Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado e demais centros ou autoridades nos casos en que fose necesario.

d) Desempeña-la xefatura do persoal administrativo e de apoio adscrito á Avogacía do Estado.

e) Reservar para si a parte de servizo ou servizos de maior importancia e asumir persoalmente calquera asunto cando, pola súa índole ou relevancia, o estime procedente.

2. Sen prexuízo da responsabilidade do avogado do Estado-xefe no exercicio das súas funcións, tanto el como os demais avogados do Estado terán a que proceda en tódolos asuntos que, consonte a distribución de servizos, lles correspondese.

#### Artigo 72. *Suplencia.*

1. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade dalgún dos subdirectores xerais ou dos avogados do Estado-xefe, serán suplidos temporalmente polo avogado do Estado que designe o secretario de Estado de Xustiza. No seu defecto, a orde de suplencia será acordada polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado. Na falta de ámbalas determinacións, aqueles serán suplidos polo avogado do Estado que ocupe o posto inmediatamente inferior na relación de postos de traballo da Subdirección ou Avogacía do Estado correspondente. En caso de existiren varios, a suplencia corresponderalle ó de maior antigüidade na unidade e, en caso de igualdade, ó de número máis baixo na escala do corpo de avogados do Estado.

2. Nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade dun avogado do Estado, este será suplido por quen designe o avogado do Estado-xefe.

#### Artigo 73. *Expediente persoal.*

A Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado levará para cada avogado do Estado un expediente persoal no que se farán constar as incidencias da súa carreira administrativa.

#### Artigo 74. *Uniforme e insignias.*

1. Os avogados do Estado, en calquera das situacións en que se encontren, e mentres non sexan separados do servizo, teñen dereito a usa-lo uniforme establecido como distintivo do corpo.

2. Cando os avogados do Estado actúen como tales ante os xulgados e tribunais de calquera xurisdicción, usarán o traxe de toga e levarán a placa e medalla, así como barrete, se é o caso.

3. O uniforme, placa e medalla serán os determinados por orde ministerial.

### CAPÍTULO II

#### Ingreso no corpo de avogados do Estado

#### Artigo 75. *Oposición para o ingreso no corpo de avogados do Estado.*

1. O ingreso no corpo de avogados do Estado efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, exclusivamente a través do sistema de oposición libre entre licenciados en dereito, mediante convocatoria pública do Ministerio de Xustiza.

2. A oposición rexerese polo establecido na normativa xeral sobre ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado, coas especificacións indicadas nos puntos seguintes.

3. A Dirección Xeral da Función Pública, por proposta do avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, emitirá informe sobre o contido do programa e a convocatoria das probas selectivas.

4. A oposición constará de cinco exercicios, dos que dous terán carácter teórico; dous, carácter práctico, e un consistirá na lectura e tradución de, polo menos, un idioma estranxeiro, todos eles con eficacia eliminatória.

5. Os exercicios teóricos realizaranse de acordo co programa que o Ministerio de Xustiza aprobe para o efecto e que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» con seis meses de antelación, como mínimo, á data da convocatoria.

6. Os exercicios prácticos consistirán en resolver ou emitir informe de maneira razoada sobre asuntos ou expedientes relacionados coas materias en que teñen competencia a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado ou as avogacías do Estado.

#### Artigo 76. *Composición e funcionamento do tribunal.*

1. O tribunal comporase dos seguintes sete membros, nomeados polo ministro de Xustiza:

a) Presidente: un avogado do Estado que teña a categoría de subdirector xeral ou se encontre en activo con máis do 15 anos de servizos efectivos, proposto polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.

b) Vocais: dous maxistrados con máis do 10 anos de exercicio efectivo nesta categoría, un dos cales, polo menos, deberá ser especialista do contencioso-administrativo, sendo propostos ambos polo Consello Xeral do Poder Xudicial; un funcionario do Ministerio de Administracións Públicas licenciado en dereito e con categoría de subdirector xeral, proposto polo secretario de Estado

para a Administración Pública, ou un rexistrador da propiedade ou notario, proposto pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado; un catedrático de universidade dalgunha das disciplinas relacionadas no programa de oposicións, proposto polo Consello de Coordinación Universitaria, ou un letrado do Consello de Estado proposto polo secretario xeral do devandito alto órgano consultivo, ou un letrado das Cortes Xerais proposto polo secretario

xeral do Congreso dos Deputados ou do Senado; e dous avogados do Estado propostos polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, dos cales desempeñará as funcións de secretario o que figure na escala do corpo con menor antigüidade.

2. Para actuar validamente o tribunal deberá contar, polo menos, con cinco dos seus membros.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**15891** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato.* («BOE» 189, do 8-8-2003.)

Advertido erro no Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

A seguir do anexo I do Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, publicado nas páxinas 1588 a 1649, debe inserirse o anexo II seguinte:

### «ANEXO II

#### Horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns para o bacharelato

	Primeiro curso	Horas	Segundo curso	Horas
Materias comúns.	Educación física .....	35		—
	Filosofía .....	70	Historia da filosofía e da ciencia ....	65
		—	Historia de España .....	65
	Lingua castelá e literatura I .....	105	Lingua castelá e literatura II .....	95
	Lingua estranxeira I .....	105	Lingua estranxeira II .....	95
	Sociedade, cultura e relixión .....	70		—
Materias de modalidade.	Tres materias específicas .....	210	Tres materias específicas .....	240
Total.		595		560

De acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, as comunidades autónomas que teñan, xunto coa lingua castelá, outra lingua oficial disporán para a organización das ensinanzas da devandita lingua do 10 por cento do horario escolar total que deriva deste anexo. En todo caso, o horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns da lingua castelá e literatura será, como mínimo, de 3 horas semanais para cada curso.»

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15967** *ORDE PRE/2277/2003, do 4 de agosto, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos. Arsénico e colorante azul.* («BOE» 190, do 9-8-2003.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, supuxo unha serie de limitacións á comercialización e

ó uso de determinadas substancias e preparados perigosos e foi dictado con base na normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída pola Directiva do Consello 76/769/CEE, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e as súas posteriores modificacións.

Este real decreto sufriu varias modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde e do ambiente.

De acordo cos coñecementos científicos actuais, identificáronse os riscos para a saúde humana derivados do